


06 / NOVEMBRO DE 2003 - NÚMERO 490

rdL REVISTA
DAS
LETRAS



Agora é Lula

Fome Zero

Cando Lula da Silva despertou outro mundo posible

A. R. López e S. Noia

Sacou á venda todo un lote de produtos deseñados coa estrela vermella do seu partido marcando en campaña unha sorte de "hip hop por un Brasil decente" para tentar a presidencia por cuarta vez. Deixaba atrás a estampa de esquadrista radical dos anos oitenta que esixía que se suspendera o pagamento da asfixiante débeda externa, que terminaran os despedimentos masivos na industria paulista e, en definitiva, que non se transixira coas demandas do FMI. Daquela fora acusado de violar a lei de seguridade nacional e mesmo pasou polo cárcere logo de dirixir varias das folgas máis importantes do país cando xa era un experimentado promotor da loita obreira. "Agora é Lula" pero ¿é Lula a esperanza da esquerda? ¿É aquel mozo que perdera no 1964 –ano do golpe militar que suspendeu o sistema de partidos– un dedo da man esquerda nun accidente na fábrica Fris Moldu Car, o gurú que fará abrollar un outro mundo posible? "A esperanza finalmente venceu ó medo e a sociedade brasileira decidiu que chegou o momento de abrir novos camiños", proclamou Luiz Inácio 'Lula' da Silva no seu discurso da toma de posesión o 6 de xaneiro do 2003 como presidente da República Federal de Brasil. Antes sabiamos do Brasil da samba, do antroido, das mulatas, da selva amazónica, das cancións de Vinicius de Moraes, Toquinho e Maria Creuza, da bossa nova, do fútbol e dos futbolistas que xogan en Europa e de autores como Paulo Coelho – que segue batendo récords de vendas– ou o eterno Jorge Amado. Chegaba a Barcelona a arquipremiada película 'Cidade de Deus' con texto de Paulo Lins. E que Brasil, tamén dos Tribalistas (Carlinhos Brown, Marisa Montes e Arnaldo Antunes) non para de meterse nas vidas. A gran esperanza 'Lula' vén tinguida de cores, con brancos e negros, nunha política ou novo estilo que para os analistas tivo na moderación a clave do éxito electoral: unha moderación, non exenta de certo márketing, do Partido dos Trabalhadores que se suma a unha especial sensibilidade social na súa proposta, dada a situación interna e externa do país. En todo caso o Brasil de hoxe permítese o luxo de soñar cun futuro mellor, sen fame nin violencia, cunhas oportunidades de desenvolvemento que non impliquen a rendición absoluta ás leis do capitalismo salvaxe. Eis a esperanza tralo arquitecto do soño e na mensaxe dos media: un home que durante anos traballou como torneiro nunha fábrica e dende hai un ano exerce como máximo responsable do goberno. Con despacho en Brasilia.



Foi Lula da Silva o sétimo de oito fillos dunha parella de labradores analfabetos –en realidade foron doce, pero cinco morreron prematuramente– que ata os cinco anos non coñeceu o seu pai, ausentado pola época en que naceu para traballar como estibador portuario en São Paulo. No 1952, a nai vendera as improdutivas terras de labranza que posuía e marchou coa prole a vivir dende Pernambuco a Guarajá e logo a Santos, a cidade que serve de prolongación portuaria á gran urbe de São Paulo. O mozo, de alcume Lula polos seus parentes e coñecidos, contribuíu ás penosas rendas familiares traballando como vendedor na rúa de tapioca e froita tropical, ó tempo que recibía a educación primaria no grupo escolar Marcílio Dias de Santos. No 1956, a nai decide separarse do pai que os abandonara (anos máis tarde morrería este, non sen antes fundar unha segunda familia igual de numerosa) e instalarse en São Paulo, sen atopar outro inmoible no que vivir que un cubículo no soto dun bar dun barrio obreiro de Vila Carioca. De doce anos, engrosaba así as ringleiras do proletariado urbano, ben como peón ou como mozo dos recados. Ós catorce atopa o seu primeiro emprego que antecedería a etapas incruentas de paro: “Aqueles anos –conta el mesmo– era un mozo despreocupado que cando non tiña que gañarme a vida co buzo ante un torno dedicaba todo o meu tempo a xogar ó fútbol, beber cachaça e rondar as rapazas”. Adolescencia que deixa atrás cando das loitas sindicais dá o salto a política. E paso ó sindicalismo dende o traballo no sector metalúrxico brasileiro. “Cando miro a miña propia vida de emigrante nordestino, de neno que vendía amendoín e laranxas polos caios de Santos, que se

fixo torneiro mecánico e líder sindical, que un día fundou o Partido dos Trabalhadores (PT) e creu no que estaba facendo, e que agora asume o cargo de supremo mandatario da nación, vexo e sei, con toda claridade e con toda convicción, que somos capaces de moitos máis”, dicíalle ó pobo no seu discurso de investidura no pasado mes de xaneiro. Un PT, de orientación troskista e vencellado coa Central Única de Trabalhadores, que nacera un 10 de febreiro do 1980, ó amparo da disposición legal dun 29 de novembro do 1979 que abría a porta ó multipartidismo: a duras penas fora tolerada polas autoridades reivindicando un ideario socialista clásico, un pouco do estilo dos partidos socialistas e laboristas europeos dos anos cincuenta e sesenta, cunha organización disciplinada e unha sólida implantación popular. O PT recibiu moitas adhesións do sindicalismo brasileiro e de sectores progresistas da Igrexa católica permeables á Teoloxía da Liberación.

Ós poucos, empezou o ascenso electoral da formación, anque haberá que esperar ata o 1989 –no tocar das primeiras eleccións presidenciais directas en tres décadas– para que se postule no liderado e, ata decembro do 1991, para que Lula formule o seu concepto de “socialismo democrático”: unha tendencia “puramente socialista” que rexeitaba tanto o capitalismo liberal como o socialismo estatista de estilo soviético, pero tamén a socialdemocracia, xa que, segundo Lula, esta vía só era hábil para países ricos capaces de destinar os seus inxentes recursos ó benestar dunha poboación que xa ten sobradamente cubertos os seus mínimos vitais, o que non era o caso dun país en vía de desenvolvemento como Brasil.



E que Brasil, un país extraordinariamente rico segue sen telo fácil, pero “¿cando tivemos nós algo fácil?”, recórdaballe Lula á nación. “Cando existe vontade política para levar a cabo os cambios necesarios, o máximo realismo é, unha vez máis, a utopía”, apuntaba o presidente portugués entre 1986 e 1999, Mário Soares sobre a grande esperanza Lula. Novos azos que rebulían nos primeiros días do seu mandato, cando o novo presidente anulou un pedido de avións de guerra do goberno anterior e encargoulle o exército a reparación das estradas; colleu os seus ministros e levounos a coñecer de cerca a realidade da pobreza que o goberno “quere erradicar” e puxo os xuristas a estudar o xeito de concederlles títulos da propiedade ós habitantes das favelas, como medida previa a súa incorporación a outros plans de desenvolvemento e ensino. Así o describen un a un Ana Tortajada e Natza Farré na última entrega de Lumen ‘Por fin, Brasil’ na que recordan como mentres Lula anunciaba o seu plan de goberno, “España se afundía no ‘Prestige’ e daba apoio a outra guerra absurda, demostrando a súa submisión ós EEUU. Europa, a pesar da unión económica e de todas as súas pretensións e aspiracións, dividíase e fraccionábase ante ese novo abuso de poder. Venezuela sumíase en revoltas e Arxentina afundiárase literalmente na bancarrota provocando o éxodo de todo aquel que tivera antepasados en Europa”. Mentres todo sucedía, Brasil era a única noticia alentadora que cabía buscar nos medios de comunicación.

Entre as prioridades de goberno: distribución de renda controlando a inflación, redución de tipos, reforma impositiva que desgrave a produción, incentivos á produción local, redución de taxas e oferta de cretos máis baratos para sectores con potencial crecemento e especial atención á cuestión social. É, ó sentir dos analistas, un estilo Lula de orientación positiva envolta en sabas de novas sospeitas: ¿vendeuse Lula ó capital? Roberto Setúbal, presidente do segundo banco privado do Brasil, Itaú, que dende Washington tentou tranquilizar os mercados, dicía: “Lula non é revolucionario”. Mentres Lula declarou: “apoio ‘a idea’ de que Brasil tivera que pedir cartos”, eludindo expresar un compromiso en firme co FMI. “Brasil recibiría máis investimentos pero só productivos” advertiu antes de tomar posesión e totalmente resolto a aplicar unha política de marcado corte socialdemócrata, expansionista e socialmente orientado, engadindo que ós empresarios lles interesaba integrar na demanda de mercado a lexión dos marginados económicos. Agora Lula, depositario da confianza de 175 millóns de habitantes e da famélica lexión de 54 millóns de pobres, busca a Fome Zero, procurando o respiro do BM e o FMI, que xa definira noutras ocasións como “o bico da morte”.

Erixido pouco menos nun mantra promisorio en función do cal se expón a ser xulgado cando termine o seu mandato, Lula reafirmase nun obxectivo preciso: dar tres comidas diarias a todos e cada un dos brasileiros. “Mentres haxa un irmán brasileiro ou unha irmá brasileira pasando fame, teremos motivo dabondo para cubrímonos de vergoña. Converteremos a fin da fame nunha gran causa nacional”, prometeu quen suscita tamén alarma nos sectores conservadores do continente ante unha eventual alianza Castro-Lula-Chávez. Temen un efecto dominó esquerdista en todo o subcontinente, ante o que o brasileiro replicou que, efectivamente, tiña relacións cos dous dirixentes; como os tiña “con outros estatistas do mundo”, sen deixar de aclarar que un goberno seu non trazaría preferencias diplomáticas. Parece que agora Lula se esforza por non ser tan de esquerdas como se lle presupón, mentres di e repite como o seu ABC: “crear empregos será a miña obsesión”. No repaso da súa propia xestión apunta: “Tivemos que tomar medidas que, podedes crerme, custáronme algunhas noites de sono: aumentar os intereses, recortar os gastos. Pero o sacrificio non está sendo en van”. Por fin, Brasil.



Fotos: unha viaxe polos mundos de Lula en imaxes das xornalistas Ana Tortajada e Natza Farré extraídas do libro ‘Por fin, Brasil’ (Lumen, 2003). Na páxina 5: Lula na cerimonia dos Premios Príncipe de Asturias 2003 e na páxina 6 e 7: Lula da Silva no foro de Porto Alegre. Portada e contraportada: favelas en Rio





¿Que progreso?

O antídoto contra a pobreza é unha sociedade que non produza máis exclusión

Lula da Silva

¿Que progreso? ¿Para que? ¿Con que consecuencias? ¿E para quen? As preguntas lanzábaas Lula da Silva na cerimonia de entrega do Premio Príncipe de Asturias nun discurso que para moitos analistas foi un dos máis brillantes deste home que, condenado e loado dentro da propia esquerda, volvía, mesmo parafraseando a Xoán Paulo II, sobre as condicións de vida de mil millóns de seres humanos que hoxe loitan por sobrevivir con menos dun dólar por día. E recordou: "a metade da poboación mundial ten menos de dous dólares por día para sobrevivir, mentres que o 14% da parte máis rica da Humanidade acapara o 75% de toda a riqueza material. A diferenza entre o 20% dos máis ricos e o 20% dos máis pobres correspondía a trinta veces nos anos sesenta". Medidas, valoracións, cuantificacións, estratificacións, porcentaxes sobre cifras tamén agoiradas tralas que abrollan as sentencias que se moven nun contundente presente: "O único antídoto verdadeiro para a pobreza é unha sociedade que non produza máis exclusión", apunta Lula neste discurso que RDL reproduce na súa integridade e na lingua orixinal, e no que advirte: "A utopía da conquista da dignidade humana por medio das grandes promesas tecnolóxicas esgotouse".

“Orgulha-me compartilhar esta reunião de personalidades ilustres da ciência, da filosofia; da literatura, das artes; e da comunicação. Recebo este prêmio com orgulho em nome do povo brasileiro. Manifesto meus agradecimentos à Fundação Príncipe de Astúrias por meio de seu presidente, Príncipe Felipe. Agradeço também à Universidade de Oviedo e ao Conselho das Universidades espanholas por este galardão de ressonância universal.

Interpreto a escolha de meu nome como uma manifestação da importância atribuída pela Fundação Príncipe de Asturias à cooperação internacional para a superação do principal desafio global do início do século XXI: o combate à fome, à pobreza e à exclusão social. Saúdo fraternalmente as grandes personalidades agraciadas nesta cerimônia. Guardo grata recordação de minha visita de estado à Espanha, quando tive a oportunidade de manter afetuoso e proveitoso diálogo com Sua Majestade, o Rei Juan Carlos I. Mais recentemente tivemos a alegria de receber em Brasília a Rainha Sofia cuja dedicação a causas sociais é mundialmente reconhecida.

Vejo aqui a oportunidade para um diálogo entre as nossas inquietações e projetos que refletem a esperança e a alma do século que se inicia. Creio no instrumento do diálogo para pavimentar a trajetória comum da humanidade. Creio na superação de nossos limites e na construção de um ser humano livre com a força da paz e da justiça.

O absolutismo econômico e o fanatismo cego

14% da parcela mais rica da humanidade detém 75% de toda a riqueza material.

A diferença entre os 20% mais ricos e os 20% mais pobres equivalia a 30 vezes nos anos 60: Agora, na virada do milênio saltou para 74 vezes. Estamos falando de um retrocesso, não de um mero descompasso. Em 54 países, a renda per capita atual é inferior a de 1990. Em 34 nações, a expectativa de vida diminuiu. Em 21, há mais gente passando fome; e em 14, mais crianças morrem antes dos cinco anos de idade. Num planeta conflagrado pelo choque entre a desilusão e a indiferença, que futuro restará à paz?. É necessário que a comunidade internacional assuma sua responsabilidade coletiva, engajando-se na única guerra da qual sairemos todos vencedores: o bom combate contra a pobreza, e a exclusão social.

A arma fundamental para isso é conhecida: o aprofundamento da democracia econômica, social, cultural e política. O comércio internacional precisa livrar-se das práticas protecionistas, que, todos sabemos, privilegiam poucos grupos, ineficientes, embora poderosos.

O Brasil tem-se engajado, com afinco e determinação, na luta por um sistema internacional de comércio que beneficie os exportadores competitivos e ofereça flexibilidade para a adoção de políticas de desenvolvimento. Mas, não podemos ser ingênuos. Urge, subordinar o desenvolvimento, o comércio e as relações internacionais às indagações fundamentais do humanismo: Qual progresso?. Para quê?. Com que conseqüências?. E para quem?. Alteza, ilus-



ignoram os valores morais da civilização que nos une e nos impela para o futuro. Vivemos um apogeu tecnológico e produtivo. Desenvolvimento técnico e democracia social, porém, nem sempre caminham juntos. O progresso não define a destinação da riqueza. Tampouco dispensa o arbítrio humano acerca do seu sentido ético. Ao contrário. O abismo entre o avanço técnico e o desenvolvimento moral configura um dos passivos deixados pelo século XX. Há hoje um perigoso acúmulo de tensão entre a opulência, que não reparte e a miséria, que não regride. Esta é uma das expressões mais inquietantes do século que se inicia. Estamos, portanto, na fronteira de grandes escolhas. Alteza, minhas senhoras e meus senhores, Antes de oferecer respostas, a obrigação de um homem público é ouvir as perguntas do seu tempo. E a pergunta que ecoa na agenda dos povos, especialmente dos países periféricos, é suficientemente eloquente para não ser mais ignorada. Trata-se de saber por que fracassaram as políticas dos anos 90, que prometiam crescimento integrado e redistribuição cooperativa da riqueza mundial. As condições de vida de um bilhão de seres humanos que lutam hoje para sobreviver com menos de US\$ 1 dólar por dia são idênticas, ou piores, do que as que existiam há mais de vinte anos.

Metade da população mundial tem menos de US\$ 2 dólares por dia para sobreviver, enquanto

tres premiados, senhoras e senhores, o único antídoto verdadeiro à pobreza é uma sociedade que não produza mais exclusão. Miséria e fome não são uma falha técnica.

Não serão superadas pela descoberta de um novo engenho, nem pelos mecanismos de mercado. A utopia da conquista da dignidade humana pelas grandes promessas tecnológicas esgotou-se.

Significa dizer que a democratização do progresso deve estar inscrita no tempo presente. E não ficar eternamente como uma promessa futura. o desenvolvimento não é um destino traçado, mas uma composição delicada de escolhas e possibilidades.

A vida humana é sagrada.

Para que esses fundamentos possam ampliar os alicerces da paz e da justiça, urge promover a reforma e o fortalecimento das instituições multilaterais.

Falo da reconstrução de uma Organização das Nações verdadeiramente Unidas. Falo de um fórum capaz de resgatar a supremacia do diálogo e do consenso multilateral. riqueza é forjada por mãos humanas, razões humanas, emoções humanas. Cooperação internacional significa, sobretudo, a promoção de equidade nas relações entre os Estados. Significa trabalhar por justiça no contexto internacional.

Se valorizamos a democracia em nossas so-

cidades, não podemos deixar de buscar, no plano internacional, o aperfeiçoamento da convivência democrática entre as nações. É nossa responsabilidade, ante as gerações futuras, atualizar procedimentos e composição desses organismos, compatibilizando-os com a realidade dos dias atuais. Estou convencido de que a luta contra a fome, por sua urgência, caráter humanista e abrangente, é uma das alavancas dessa nova ordem solidária. Por isso, propus à assembléia da ONU, em setembro, a criação de um Comitê de Chefes de Estado para coordenar iniciativas em torno dessa bandeira humanitária.

Exorto as personalidades aqui presentes a unirem seu talento e sua influência neste mutirão de solidariedade pela vida, pela paz e pela justiça social. A fome não pode esperar. Reitero aqui as palavras de João Paulo II: "É inaceitável adiar o tempo em que também o pobre Lázaro possa sentar-se ao lado do rico, para compartilhar da mesma comida, sem ter que continuar constringido a prover-se das migalhas que caem da mesa".

Estou convencido de que a mesa da humanidade tem espaço e fartura para reverter a exclusão onde quer que ela se apresente. A riqueza é forjada por mãos humanas, razões humanas, emoções humanas. Não se trata apenas de um designio da economia, mas, sobretudo da ética. Por que, então, não pode estar igualmente a serviço da dignidade humana? Se homens e mulheres estamos condenados a inventar cotidianamente o nosso destino, chegou a hora de

verno, de forma a torná-los mais ágeis e eficientes, evitando duplicações, e garantindo que cada real destinado a programas sociais chegue efetivamente a seu destinatário.

Ao mesmo tempo, tenho claro que a superação final da pobreza depende, em última instância, da geração e distribuição de riqueza. O Brasil não ignora as reformas estruturais cobradas pela sua história. Entre elas, a reforma agrária - sem as quais o nosso desenvolvimento jamais será sinônimo de justiça social. Ao mesmo tempo é necessária uma mudança de mentalidade coletiva, transição cultural indispensável à passagem de uma sociedade de contrastes para uma comunidade justa, fraterna e digna. O Brasil descobriu-se portador de um mal que tem cura, cujo nome é desigualdade. Setores expressivos da sociedade já entenderam que não existe nada mais urgente do que transitar da indiferença para a mobilização solidária como primeiro passo indispensável à mudança pacífica que a sociedade urge e cobra. Mas de 70% da população brasileira já contribui com o programa Fome Zero.

Creio que a mesma revolução cultural pode ganhar os ares do mundo para injetar humanidade na globalização mercantil. Precisamos recuperar a auto-estima que atirou a dignidade humana na vala comum dos supérfluos que têm preço mas não têm valor.

A solidariedade é o derradeiro trunfo; ao mesmo tempo, a preciosa chance de um recomeço. Majestade, Senhoras e Senhores, Com a emoção de um brasileiro que teve que enfrentar

rcl | 7

Galicia Hoxe 06/11/03



reinventá-lo pela solidariedade. Alteza e ilustres presentes, Aos olhos do mundo, o Brasil é um dos protagonistas desse novo enredo que pode definir o século. Seja pela desigualdade que acumulou ao longo de sua história; seja pela aposta democrática de sua gente pluralista, multiétnica e multireligiosa.

Não decepcionaremos.


Na realidade da vida cotidiana a agenda da solidariedade e da justiça ficou tolhida entre nós durante décadas, mas não ficou obsoleta.

Vejo-a ressurgir numa série de iniciativas articuladas entre o governo e a sociedade civil. As ações estruturais e de longo prazo não eliminam a necessidade de uma ação de emergência para enfrentar o flagelo da fome, que não conhece fronteiras. Por isso, lancei no Brasil o Programa Fome Zero, um conjunto de políticas e ações voltadas para garantir a segurança alimentar da população brasileira. Estabeleci a segurança alimentar como o eixo das políticas SSOC,ais de meu governo, porque acredito que a eliminação da fome constitui um dever moral e a base de qualquer política social. Em menos de 10 meses de governo o Programa Fome Zero já beneficia mais de um milhão e duzentas mil famílias, cerca de 5 milhões de brasileiros e brasileiras. Em 4 anos, pretendemos erradicar a fome em nosso país. Numa segunda etapa, já iniciamos a unificação dos programas sociais do go-

múltiplos obstáculos em sua trajetória pessoal e política, agradeço de coração este prêmio. Ele servirá de estímulo para que persevere na busca de um Brasil mais justo e de uma sociedade internacional mobilizada para a promoção do desenvolvimento, da justiça social e da paz. Neste momento, quero compartilhar minha alegria com o povo asturiano e de toda a Espanha. Os 500 anos de história que nos irmanam constituem uma fonte de vitalidade para a realização de objetivos comuns. Os brasileiros participam com orgulho da comunidade iberoamericana de nações. A América do Sul é o Continente onde, mais do que em qualquer outro lugar, a simbiose entre as culturas de origem portuguesa e espanhola - ao lado das raízes indígenas e da vigorosa contribuição africana, -contribuiu para formar as identidades nacionais.

A origem ibérica é apenas um dos elementos que nos aproximam. Nos unem, acima de tudo, os valores irrenunciáveis da tolerância, da democracia, da justiça social, que esta Fundação, em seus 23 anos de existência, tem-se empenhado em promover. Ela reafirma a capacidade humana para ir além do seu tempo e das adversidades.

Precisamos dar a todos e a cada um dos seres humanos a oportunidade de viver a vida em seu esplendor? a vida e nada mais. Muito obrigado.




13 / NOVEMBRO DE 2003 - NÚMERO 491

rdL

REVISTA
DAS
LETRAS




A era do baleiro



Cúmprese un ano da catástrofe do 'Prestige'. E ¿quen a excepción dos ecoloxistas –pregúntase Lipovetsky– ten conciencia de vivir unha época apocalíptica? A "tanatocracia –asegura o filósofo francés– desenvólvese, as catástrofes ecoloxistas multiplícanse sen por iso enxendrar un sentimento trágico da fin do mundo". Cúmprese un ano da catástrofe do 'Prestige' e, instalada a mancha de fuel, a propia sociedade instálase na crise: "Instálámonos na crise que polo que parece non modifica os desexos de benestar e de distracción", escribe este pensador polémico e 'aterrado' que onte pasou por Compostela para volver no foro 'Galicia, estratexia de futuro' –coordinada por Antón Baamonde e organizada polo Consello da Cultura Galega– sobre as novas formas de vida individualista. Fala Lipovetsky, un axitador de ideas e analista clave da contemporaneidade, de que "a ameaza económica e ecolóxica non conseguiu penetrar en profundidade na conciencia indiferente da actualidade" e erixe sen rodeos a tese dunha "sociedade sen alma" para negar que as democracias posmodernas equivallan a un deser-

A nova vida

to de valores: "O sentido de indignación moral non desapareceu de ningún xeito ningún e as nosas sociedades non cesan de reorganizarse en torno a un núcleo estable de valores compartidos", comenta o autor de obras como 'O imperio do efémero', 'O crepúsculo do deber', 'A terceira muller' ou 'Metamorfose da cultura liberal' e de quen se acaba de reeditar 'A era do baleiro' (Anagrama, 2003), unha das obras claves do pensamento posmodernista. Teórico discutido sopesou Lipovetsky dende Compostela a necesidade de "inventar un novo contrato social que concilie os valores individualistas do mercado e a obriga da solidariedade: un novo Estado-Providencia esixido non só pola súa crise financeira senón tamén polos novos fenómenos de exclusión que afecta a millóns de individuos e que enxendran a gran pobreza, o paro de longa duración, os sen teito... en poucas palabras o individuo desocializado, privado de futuro". [Todas as fotos deste monográfico (excepto a da páx. 4 de Manuel Blanco nun retrato de Lipovetsky na biblioteca do Consello da Cultura), son obra de Chico Mirás da serie 'Baleiro'.]



Narciso ou a estratexia do baleiro


Gilles Lipovetsky

Oráculo da posmodernidade, Lipovetsky toma o individualismo moderno como algo moi serio: unha revolución fundamental desta metade de século na que, entende, “o capitalismo xa non ten inimigos”. E que, de acordo co filósofo nado en Millau no 1944, “as democracias oscilaron no máis alá do deber, acomódanse non sen fe nin lei senón segundo unha ética débil e mínima, sen obrigación nin sanción; a sanción da historia moderna fixo eclosionar unha formación de tipo inédito: as sociedades posmoralistas”. Dende aquí e cunha visión optimista do porvir esboza a chamada “ética do terceiro tipo” no devir de novas actitudes: apatía, indiferencia, deserción, o principio de seducción. Novas personalidades: narcisismo. Novo estado da cultura: esgotamento e derruba do que significou a vangarda no século XX sobre o que volve en ‘L’ère du vide’ (‘A era do baleiro’, 1983) que acaba de reeditarse en castelán e do que a RDL avanza un extracto en galego.

A cada xeración gústalle recoñecerse e atopar a súa identidade nunha grande figura mitolóxica ou lendaria que reinterpreta en función dos problemas do momento: Edipo como emblema universal, Prometeo, Fausto ou Sísifo como espellos da condición moderna. Hoxe Narciso é, ós ollos dun importante número de investigadores, en especial americanos, o símbolo do noso tempo: "O narcisismo converteuse nun dos temas centrais da cultura americana". Mentres o libro de R. Sennet 'Las Tiranías de la intimidad', acaba de ser traducido ó francés, 'The Culture of Narcissism' converteuse nun auténtico best-seller en todo o continente dos USA. Máis alá da moda e da súa espuma e das caricaturas que poden facerse aquí ou alá do neo-narcisismo, a súa aparición na escena intelectual presenta o enorme interese de obrigarnos a rexistrar en toda a súa radicalidade a 'mutación' antropolóxica que se realiza ante os nosos ollos e que todos nos sentimos dalgunha maneira, anque sexa confusamente. Aparece un novo estadio do individualismo: o narcisismo designa o xurdimento dun perfil inédito do individuo nas súas relacións con el mesmo e o seu corpo, cos demais, o mundo e o tempo, no momento en que o "capitalismo" autoritario cede paso a un capitalismo hedonista e permi-

e a desindicalización adquieren proporcións xamais alcanzadas, a esperanza revolucionaria e a protesta estudiantil desapareceron, esgótase a contra-cultura, raras son as causas capaces de galvanizar a longo tempo as enerxías. A 'res publica' está desvitalizada, as grandes cuestións "filosóficas", económicas, políticas ou militares espertan pouco a pouco a mesma curiosidade desenfadada que calquera suceso, todas as "alturas" vanse afundindo, arrastradas pola vasta operación de neutralización e banalización sociais. Unicamente a esfera privada parece saír victoriosa dese maremoto apático; coidar a saúde, preservar a situación material, desprenderse dos "complexos" agardar as vacacións: vivir sen ideal, sen obxectivo transcendente resulta posible. As películas de Woody Allen e o seu éxito son o propio símbolo dese hiperinvestimento no espacio privado; tal como declara el mesmo, "political solutions don't work", en moitos aspectos esa fórmula traduce o novo espírito dos tempos, ese neonarcisismo que nace da deserción do político. Fin do 'homo politicus' e nacemento do 'homo psicologicus', ó acecho do seu ser e o seu benestar.

Vivir no presente, só no presente e non en función do asexo e do futuro, é esa "perda de



sivo, acaba a idade de ouro do individualismo, competitivo a nivel económico, sentimental a nivel doméstico, revolucionario a nivel político e artístico, e esténdese un individualismo puro, desprovisto dos últimos valores sociais e morais que coexistían aínda co reino glorioso do 'homo emancipatus' da familia, da revolución e da arte; emancipada de calquera marco transcendental, a propia esfera privada cambia de sentido, exposta como está unicamente ós desexos cambiantes dos individuos. Se a modernidade se identifica co espírito de empresa, coa esperanza futurista está claro que pola súa indiferencia histórica o narcisismo inaugura a posmodernidade, última fase do 'homo aequalis'.

(Narciso a medida)

Despois da axitación política e cultural dos anos sesenta, que podería verse aínda como un investimento masivo nos asuntos públicos sobrevivén un abandono xeneralizado que dunha maneira ostensible se estendera polo social, cuxo corolario é o refluxo dos intereses en preocupacións puramente persoais, independentemente da crise económica. A despolitización

sentido da continuidade histórica", esa erosión do sentimento de pertenza a unha "sucesión de xeracións enraizadas no pasado e que se prolonga no futuro" é a que, segundo Chr. Lasch, caracteriza e enxendra a sociedade narcisista. Hoxe vivimos para nós mesmos, sen preocuparnos polas nosas tradicións e a nosa posteridade: o sentido histórico foi esquecido da mesma maneira que os valores e institucións sociais. A derrota do Vietnam, o asunto Watergate, o terrorismo intelectual, pero tamén a crise económica, a escaseza das materias primas, a angustia nuclear, os desastres ecolóxicos provocaron unha crise de confianza cara ós líderes políticos, un clima de pesimismo e de catástrofe inminente que explican o desenvolvemento das estratexias narcisistas de "supervivencia", prometendo a saúde física e psicolóxica. Cando o futuro se presenta ameazador e incerto, queda a retirada sobre o presente, ó que non cesamos de protexer, arranxar e reciclar nunha xuventude infinita. Á vez que pon o futuro entre parénteses, o sistema procede á "desvalorización do pasado", pola súa avideza de abandonar as tradicións e territorialidades arcaicas e instituír unha sociedade sen ancoraxes nin opacidade; con esa diferenza cara ó tempo histórico

emerxe o “narcisismo colectivo”, síntoma social da crise xeneralizada das sociedades burguesas, incapaces de afrontar o futuro se non é na desesperación.

So pretexto de modernidade, o esencial escápasenos entre os dedos. Ó interpretar o narcisismo segundo unha sacrosanta tradición marxista coma un síntoma de ‘bancarrota’ do sistema e baixo o signo da ‘desmoralización’, ¿non se enfatiza de máis por unha banda a ‘toma de conciencia’ e pola outra a situación conxuntural? De feito, o narcisismo contemporáneo esténdese nunha sorprendente ausencia de nihilismo trágico; aparece masivamente nunha apatía frívola, malia as realidades catastróficas amplamente exhibidas e comentadas polos ‘mass media’. ¿Quen, a excepción dos ecoloxistas, ten conciencia de vivir unha época apocalíptica? A ‘tanatocracia’ desenvólvese, as catástrofes ecoloxistas multiplícanse sen por iso enxendrar un sentimento trágico de ‘fin do mundo’. Afacémonos sen desgarramento ó ‘peor’ que consumimos nos ‘mass media’; instalámonos na crise que, polo que parece, non modifica os desexos de benestar e de distracción. A ameaza económica e ecolóxica non conseguiu penetrar en profundidade a conciencia indiferente da actualida-

ralizada dos valores e finalidades sociais, provocada polo proceso de persoalización. Abandono dos grandes sistemas de sentido e hiperinvestimento no Eu corren á par: en sistemas de ‘rostro humano’ que funcionan por pracer, o benestar, a desestandarización, todo concorre á promoción dun individualismo puro, dito doutro xeito ‘psi’, liberado dos encadramentos de masa e enfocado á valoración xeneralizada do suxeito. É a revolución das necesidades e a súa ética hedonista o que, ó atomizar suavemente ós individuos, ó baleirar ós poucos as finalidades sociais do seu significado profundo, permitiu que o discurso ‘psi’ se insira no social, converténdose nun novo ‘ethos’ de masa; é o ‘materialismo’ exacerbado das sociedades da abundancia, o que, paradoxalmente, fixo posible a eclosión dunha cultura centrada na expansión subxectiva, non por reacción ou ‘suplemento de alma’, senón polo illamento á carta. A onda do ‘potencial humano’ psíquico e corporal non é máis que o estado definitivo dunha sociedade que se aparta da orde disciplinaria e leva ás súas últimas consecuencias a privatización sistemática xa operada pola idade de consumo. Lonxe de derivarse dunha ‘concienciación’ desencantada, o narcisismo resulta do cruzamento dunha ló-



de; debemos admitilo, o narcisismo non é en absoluto o último repregamento dun Eu desencantado pola ‘decadencia’ occidental e que se abandona ó pracer egoísta. Nin versión nova do ‘divertirse’ nin alienación –a información xamais estivo tan desenvolvida–, o narcisismo aboliu o trágico e aparece como unha forma inédita de apatía feita de sensibilización epidérmica ó mundo á vez que de profunda indiferencia cara el: paradoxo que se explica parcialmente pola plétora de informacións que nos abruman e a rapidez coa que os acontecementos mass-mediatizados se suceden, impedindo calquera emoción duradeira.

Xamais poderá explicarse, doutro lado, o narcisismo a partir dunha acumulación de acontecementos e dramas coxunturais: se realmente o narcisismo, como nos convida a pensar Chr. Lasch, é unha conciencia radicalmente inédita, unha estrutura constitutiva da personalidade posmoderna, debe apreenderse como a resultante dun proceso global que rexe o funcionamento social. Novo perfil coherente do individuo, o narcisismo non pode ser resultado dunha constelación dispar de acontecementos puntuais, por máis que se acompañara dunha máxica ‘concienciación’. De feito, o narcisismo xorde da deserción xe-

xica social individualista hedonista impulsada polo universo dos obxectos e os signos, e dunha lóxica terapéutica e psicolóxica elaborada desde o século XIX a partir do enfoque psicopatolóxico.

【Un teatro discreto】

Co que R. Sennett chama a “condena moral da impersonalidade” que equivale á erosión dos papeis sociais, iníciase o reino da personalidade, a cultura sicomórfica e a obsesión moderna do Eu no seu desexo de revelar o seu ser verdadeiro ou auténtico. O narcisismo non só designa a paixón do coñecemento de un mesmo senón mesmo a paixón da revelación íntima do Eu como testemuña a inflación actual de biografías e autobiografías ou a psicoloxización da linguaxe política. As convencións parécennos represivas “as cuestións impersonais só suscitan o noso interese cando as enfocamos –equivocadamente– baixo un ángulo personalizado”; todo debe ser psicoloxizado, dito en primeira persoa: hai que implicarse, revelar as propias motivacións, entregar en calquera ocasión a propia personalidade e emocións, expresar o sentimento íntimo,

sen o cal se cae no vicio imperdoable da frialdade e o anonimato. Nunha sociedade "intimista" que o avalía todo cun criterio psicolóxico, a autenticidade e a sinceridade, como xa observou Riesman, convértense en virtudes cardinais, e os individuos, absortos como o están no seu Eu íntimo, son cada vez menos capaces de desempeñar roles sociais: convertémonos en "actores privados de arte". Coa súa obsesión de verdade psicolóxica, o narcisismo debilita a capacidade de xogar coa vida social, fai imposible toda distancia entre o que se sente e o que se expresa. "A capacidade de ser expresivo pérdese porque tentamos identificar a aparencia ó noso ser profundo e porque ligamos o problema da expresión ó da súa autenticidade". Velaí onde está a trampa, pois canto máis os individuos se liberan de códigos e costumes en busca dunha verdade persoal, máis as súas relacións se fan "fraticidas" e asociais. Ó esixir constantemente maior inmediatez e proximidade, abrumando o outro co peso das confidencias persoais xa non respectamos a distancia necesaria para o respecto da vida privada dos demais: o intimismo é tiránico e "incivil". "O civismo é a actividade que protexe o eu dos outros, e así permítelle desfrutar da compañía do próximo. A máscara

de hai vintecinco ou trinta anos, as desordes de tipo narcisista constitúen a maior parte dos trastornos psíquicos tratados polos terapeutas, mentres que as neuroses 'clásicas' do século XIX, histerias, fobias, obsesións, sobre as que a psicoanálise tomou corpo, xa non representan a forma predominante dos síntomas. Os trastornos narcisistas preséntanse non tanto a xeito de trastornos con síntomas claros e ben definidos, senón máis ben como 'trastornos de carácter' caracterizados por un malestar difuso que o invade todo, un sentimento de baleiro interior e de absurdidade da vida, unha incapacidade para sentir as cousas e os seres. Os síntomas neuróticos que correspondían ó capitalismo autoritario e puritano deixaron paso baixo o empuxe da sociedade permisiva a desordes narcisistas, imprecisas e intermitentes.

Os pacientes xa non sofren síntomas fixos senón de trastornos vagos e difusos; a patoloxía mental obedece á lei da época que tende á redución de rixideces así como á licuación das relevancias estables: a crispación neurótica foi substituída pola flotación narcisista. Imposibilidade de sentir, baleiro emotivo, aquí a desubstancialización chegou ó seu termo, explicitando a verdade do proceso narcisista,



é a propia esencia do civismo... Cantas máis máscaras maior mentalidade "urbana" e tamén máis amor á urbanidade". A sociabilidade esixe barreiras, regras impersoais que son as únicas que poden protexer os individuos uns dos outros; alí onde, ó contrario, reina a obscuridade da intimidade, a comunidade faise anacos e as relacións humanas vólvense "destructoras". A disolución dos roles públicos e a compulsión de autenticidade enxendraron unha forma de incivismo que se manifesta, por unha parte, no rexeitamento das relacións anónimas cos "descoñecidos" na cidade e o comfortable repregamento no noso ghetto íntimo, e por outra, na diminución do sentimento de pertenza a un grupo e correlativamente a acentuación dos fenómenos de exclusión. Liquidada a conciencia de clase fraternízase agora sobre a base do barrio, da rexión ou dos sentimentos comúns (...).

(A era do baleiro)

"¡Se alomenos puidera sentir algo!": Esta fórmula traduce a 'nova' desesperación que afecta a un número cada vez maior de persoas. Ne se punto, o acordo dos 'psi' parece xeral: des-

como estratexia do baleiro. É máis: segundo Chr. Lasch, os individuos aspiran cada vez máis a un desapego emocional, en razón dos riscos de inestabilidade que sofren na actualidade as relacións persoais. Ter relacións interindividuais sen un compromiso profundo, non sentirse vulnerable, desenvolver a propia independencia afectiva, vivir só, ese sería o perfil de Narciso.

O medo á decepción, o medo ás paixóns descontroladas traducen a nivel subxectivo o que Chr. Lasch chaman 'the flight from feeling', -a fuxida fronte ó sentimento-, proceso que se ve tanto na protección íntima como na separación que todas as ideoloxías 'progresistas' queren realizar entre o sexo e o sentimento. Ó preconizar o 'cool sex' e as relacións libres, ó condenar os celos e a posesividade, trátase de feito de arrefriar o sexo, de expurgalo de calquera tensión emocional para chegar a un estado de indiferencia, de desapego, non só para protexerse das decepcións amorosas senón tamén para protexerse dos propios impulsos que ameazan o equilibrio interior. A liberación sexual, o feminismo, a pornografía apuntan a un mesmo fin: levantar barreiras contra as emocións e deixar de lado as intensidades afectivas.

Fin da cultura sentimental, do 'happy end', do melodrama e nacemento dunha cultura 'cool' na que cada cal vive nun búnker de indiferencia, a salvo das súas paixóns e das dos outros.

Seguramente Chr. Lasch ten razón ó sinalar o refluxo da moda "sentimental", destronada polo sexo, o pracer, a autonomía, a violencia espectacular. O sentimentalismo sufriu o mesmo destino cá morte; resulta incómodo exhibir as paixóns, declarar ardentemente o amor, chorar, manifestar con demasiada énfase os impulsos emocionais. Como no caso da morte, o sentimentalismo resulta incómodo; trátase de permanecer digno en materia de afecto, é dicir, discreto. O "sentimento prohibido", lonxe de designar un proceso anónimo de deshumanización é un efecto do proceso de personalización que apunta á erradicación dos signos rituais e ostentosos do sentimento. O sentimento debe chegar ó seu estado personalizado, eliminando os sintagmas fixos, a teatralidade melodramática, o 'kitsch' convencional. O pudor sentimental está rexi-do por un principio de economía e sobriedade, constitutivo do proceso de personalización. Por iso non é tanto a fuxida fronte ó sentimento o que caracteriza a nosa época como a fuxida fronte ós 'signos' de sentimentalidade. Non é certo que os individuos busquen un desapego emocional e se protexan contra a irrupción

do sentimento; a ese inferno cheo de nómades insensibles e independentes, hai que opoñer os clubs de encontros, os "pequenos anuncios", a "rede", todos eses milleiros de esperanzas de encontros, de relacións, de amor, e que precisamente cada vez custa máis realizar. Por iso o drama é máis profundo có pretendido desapego 'cool': homes e mulleres seguen aspirando á intensidade emocional das relacións privilexiadas (quizais nunca houbo unha tal "demanda" afectiva como neses tempos de deserción xeneralizada), pero canto máis forte é a espera máis escaso se fai o milagre fusional e en calquera caso máis 'breve'. Canto máis a cidade desenvolve posibilidades de encontro máis sós se senten os individuos; máis libres as relacións, vólvense emancipadas das vellas suxeccións, máis rara é a posibilidade de atopar unha relación intensa. En todas partes atopamos a soidade, o baleiro, a dificultade de sentir, de ser transportado 'fóra de si'; de aí a fuxida cara a adiante nas "experiencias" que non fai máis que traducir esa busca dunha "experiencia" emocional forte. ¿Por que non podo eu amar e vibrar? Desolación de Narciso, demasiado ben programado en absorción en si mesmo para que poida afectarlle ó Outro, para saír de si mesmo, e sen embargo insuficientemente programado xa que aínda desexa unha relación afectiva.



Entre ell i jo hi ha aquell amor que per distant i net i essencial no provoca ni dol ni patiment. Hai entre el e eu ese profund amor que por distant e puro e essencial non provoca nin dor nin sufrimento

**Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com**




Martí i Po

A voz da emoción

Vintecinco anos de 'Estimada Marta'

Helena González

Vintecinco anos despois da súa aparición, 'Amada Marta' ('Estimada Marta') de Miquel Martí i Pol aínda se anuncia como o libro máis vendido, lido, regalado e recitado da poesía catalana contemporánea. Porque estes poemas, coa súa aposta pola sinxeleza e as imaxes perfectamente imbricadas nunha rede de referencias xeográficas, e o emprego dunha voz poética directa, modelaron espléndidos versos eróticos. Martí i Pol é o un clásico popular e pero tamén o nome proposto para ese Premio Nobel (un dos graís dos pobos sen estado). Onda nós este poeta, amarrado a unha cadeira de rodas por unha esclerose múltiple e á realidade pola emoción, coñecémolo sobre todo de orella porque foi máis cantado (Llach mediante, 'Un pont de mar blava') que lido. Martí i Pol viviu, escribiu e reparou lúcido no mundo chantado en Roda de Ter, o mesmo sitio onde outro mouro das letras, Miquel Obiols, artellou un Parque Escrito para xogaren os nenos. Miquel Martí i Pol, o autor de 'La fàbrica', 'La pell de violí', 'Llibre de les solituds'? finou hai unha semana, nun outono de loito en Cataluña. En menos dun mes, M. Vázquez Montalbán e Jordi Domènech, partillando espacio nas esquelas do domingo, e axiña Joan Perucho, que se foi silandeiro. Os libros son o mellor legado dos escritores. Paga a pena entrar neles a emoción descuberta para gozar, interrogarse e xogar. Así entrei eu no 'Estimada Marta' hai máis de dez anos, como un xoguete para aprender o catalán a distancia. Pensouse en publicar a traducción xa daquela, pero os textos precisan un repousiño. Naquela altura o Miquel escribiu-me unha carta, mecanografiada, na que se alegraba moito de ser traducido a unha lingua que apreciaba. Era unha carta humilde, sinxela e próxima, como os seus versos.



["i amb el somriure, la revolta"]

Sen dúbida ningunha o Miquel Martí i Pol de *Amada Marta* é o poeta máis lido da literatura catalana contemporánea e sen embargo non é moi coñecido en Galicia, aínda que nos pode soar o nome e de seguro cantaríamos algúns poemas seus tirados do corpo musical de Lluís Llach, se cadra, sen decatarnos. A súa actitude perante a escritura segue un camiño cívico e persoal, rexeitando calquera outra actitude de estañamento co texto, porque a súa rodeira estética facíase coa palabra directa, a aposta pola poesía do cotiá que pretende emocionar ó lector e apelar á súa conciencia, e o humor. Desde a fiestra da casa Martí i Pol miraba a cheminea da fábrica onde traballaba? El antes da enfermidade, que, sen embargo, nunca de tirou o riso nin o pulo de quen cría que na capacidade da palabra. Desde a fiestra vese tamén o Parque Escrito, onde os nenos xogan a gabear e randearse nas vocais e nos signos de puntuación. Desde a fiestra vese a xente e para a xente escribe. O verso convértese, daquela, nun acto testemuñal e nun xeito de compartir emocións:

Se falo tanto de min non é por xogo
senón por facer conto de certezas
e construír, paciente e temerario,
una gran casa vella a ras do gran precipicio.

Miquel Martí i Pol naceu en Roda de Ter en 1929 e comeza a traballar nunha fábrica textil ós catorce anos. Axiña comeza a ler ó chou poesía e a aprender dun xeito autodidacta o oficio poético o que o levará a publicar os seus primeiros poemarios, marcados pola voz civil, polo canto comprometido. Así que bota a guitarra ao lombo como moitos outros cantautores da Nova Cançó, e participa en cine-fóruns, fai teatro, clases de lingua catalana... A enfermidade, a esclerose, que lle impedirá o desenvolvemento dunha vida normal, provoca un xiro na súa escrita pero non desdebuxa o sorriso (sempre, sempre o seu sorriso no escenario, onda Lluís Llach, que canta os textos escritos a catro mans). El mesmo o confesa no prólogo a *Estimada Marta*, a viraxe nas experiencias vitais, abren unha nova etapa na súa produción literaria. Este reconsideración expresiva comezará a apreciarse de xeito notable en *Cinc esgrafiats en la mateixa paret* (1975). Os poemas de marcado carácter social deixan paso ó intimismo, primeiro baixo o signo da desesperanza e logo o da aceptación da súa enfermidade. Así xorden os tres poemarios publicados nun só libro: *Sete poemas de aniversario*, *Capfoguer* e *Estimada Marta*. Nacen dunha necesidade de rebelión contra os coutos da enfermidade e, entre eles, *Estimada Marta* significa a apropiación e goce do corpo, do corpo emocionado, emocionante. E repito, á mantenta, a apropiación do goce, porque *Estimada Marta* comeza no cimo dun talaiot, un torreia característica de Mallorca e Menorca que servía nalgúns casos como lugar de vixilancia e noutros como enterramento? Despois deste libro virán moitos máis, como *Llibre de les solituds*, un dos máis celebrados títulos do seu re-

torno na madurez á poesía civil, e por suposto a estreita colaboración con Lluís Llach e a súa proposta para o Nobel. Martí i Pol, que tamén foi traductor de Apollinaire, Zola, Racine, Saint-Exupéry, Flaubert?

Estimada Marta, escrito entre o 22 de xuño e o 4 de agosto de 1977 segue a liña nerudiana de escribir sobre o encontro amoroso desde as premisas das xeografías amorosas, como fai Avilés de Taramancos que descobre no corpo feminino un territorio erótico de medidas inmensas, caucanas, e que sinala o seu roteiro nesta selva mesta con ríos inabarcables. O léxico escollido nestes casos, plástico e suxerente, coidadosamente seleccionado, lévanos pensar nun reencontro telúrico da masculinidade coa outra-compañeira e, por suposto, coa outra-orixe. O corpo convértese en territorio autónomo e vivo, nunha paisaxe con vida seu.

Pero son moitos os seus outros libros: *Hai-kús en temps de guerra*, *Suite de Parlavà?* e o derradeiro *Després de tot*. Unha obra infatigable superada por unha recepción popular intensa da súa obra, convertido no poeta que escribe a emoción da nación, da xente, do corpo e dos seres humanos. Unha popularidade á que contribuíron Llach, en primeiro termo, pero tamén María del Mar Bonet ou Marina Rossell. Non podía ser doutra maneira para quen for a cantautor e con Emili Teixidor fixo unha parodia de *Al vent de Raimon* retitulándoo *Els bancs* (os bancos). Miquel Martí i Pol finou o 11 de novembro de 2003 en Roda de Ter. Non gostaba da bágoa apresurada e si da emoción intensa.

["un pont de mar blava per a sentir-nos frec a frec"]

Estimada Marta aínda se anuncia como o libro máis lidos da poesía catalana contemporánea. Certamente é un dos libros de cabeceira dun poeta tan popular. Sen dúbida, a súa aposta pola comunicación, pola linguaxe sinxela, o fluír maino das palabras, as imaxes perfectamente enrestradas nunha rede de referencias xeográficas unitaria, xunto co emprego dunha voz poética voluntariamente testemuñal, faínos copartícipes da súa experiencia amorosa, que o lector asume inmediatamente como unha experiencia propia.

Seica non hai mellor equipaxe para botarse a andar por esta xeografía amorosa que a complicidade con que Miquel Martí i Pol quere achegarse ó lector. Seica é bo deixarse guiar por el. Por iso, e xeito de presentación, vai un poema incluído en *Capfoguer*, onde resume unha poética voluntariamente comunicativa e tradicional na forma, claro que cando a poesía se quere canción non lle queda outra que someterse á partitura. Espriu, outro nome que insistentemente soou este outono, escribiu: "Sen ritmo non hai música, insistía Schubert, se non me engana a memoria. Tampouco hai poesía, e Miquel Martí i Pol desde os seus comezos intuínuno moi ben".

[Agradezo a Fina Iglesias, que na Universidade de Barcelona percorre con emoción a literatura galega, a súa lectura atenta].

(De Capfoguer]

Confío en que sempre ha de haber algún descoñecido que ao ler os poemas se sentirá conmovido, igual que eu me sinto cando os escribo. Confío profundamente, e podo imaxinar os claros estímulos da descuberta, a tan fecunda e estimable envexa que afirmará vincos irreversibles, igual que eu mesmo fun e son atento protagonista dela moitas veces. Quérolle xa desde agora a ese lector descoñecido e amigo. Teimo nel e non só no momento de escribir. Hai entre el e eu ese profundo amor que por distante e puro e esencial non provoca nin dor nin sufrimento. El -seino ben- non ha faltar á cita xusto no momento preciso. Eu doulle xa sinceramente as gracias.

Confío molt que sempre hi haurà algun desconegut que en llegir els meus poemes se sentirà commòs, talment com jo m'hi sento quan els escric. Hi confío profundament, i puc imaginar els clars estímuls de la descuberta, la molt fecunda i estimable enveja que establirà lligams irreversibles, per tal com jo mateix n'he estat i en sóc protagonista atent moltes vegades. L'estimo ja des d'ara aquest lector desconegut i amic. Sovint hi penso i no tan sols en el moment d'escriure. Entre ell i jo hi ha aquell profund amor que per distant i net i essencial no provoca ni dol ni patiment. Ell -ho sé bé- no faltarà a la cita just al moment establert. Jo, des d'ara, li'n dono ja sincerament les gràcies.

(Poemas de Amada Marta]

(I]

Des de les hores mortes, talaiot,
m'omple la pell de dibuixos obscens
i tu hi ets, Marta, en tots. Minucios
et ressegueixo sines i malucs,
el ventre lleu i el sexe ardent i obscur
amb la punta dels dits extasiats.
Ets una sola i moltes. Complacent
i complaguda alhora rodolem
per un pendent insòlit. Cada gest
perfà l'extrema intimitat del joc
desmesurat i estricte. Marta, els mots
que ens diem sense dir-los no són pas
escuma sinó aigua, i el desig
és un vast horitzó. Si tanco els ulls
te'm fas present i esclaten els colors.
L'arbre de llum tan densa dels sentits
poblat de nou de fulles i d'ocells.

(I]

**Desde as horas mortas, talaiot,
encho a pel de debuxos obscenos
e ti estás, Marta, en todos. Minucioso
percórroche os seos e os cadrís,
o ventre lene, o sexo ardente e escuro
co bico dos dedos extasiados.
Es unha soa e moitas. Compracente
e compracida rolamos ao tempo
por unha pendente insólita. Cada aceno
remata a extrema intimidade do xogo
desmedido e estricto. Marta, as palabras
que nos dicimos sen dicir non son
escuma senón auga, e o desexo
é un amplo horizonte. Se pecho os ollos
fásteme presente e estoupan as cores.
A árbore de luz mesta dos sentidos
poboada outra vez de follas e pardais.**

(II]

Aquests profunds silencis plens de tu,
aquests silencis clars i vehements
tan plens de tu que ja tot hi és sobrer;
aquesta solitud sense després
que compartim fins a esgotar-ne els sons;
aquesta quietud que vulnerem
a penes amb els ulls o bé amb les mans
és un projecte i un acompliment.
Marta, l'embriux de tu m'ha tant sotmès
que ja ni em dol la vida que no visc
i em perdo amb tu per llocs inconeguts
i no hi ha espai entre el teu cos i el meu.
Arribarem al cor de l'espiral
ponts a través, sense temor del vent
mars a través, esperonats pel foc.
Boja com jo, m'escoltes i somrius.
Tots els camins són bons per fer camí.

(II]

Estes fondos silencios cheos de ti,
estes silencios claros e afervoados
tan cheos de ti que xa todo sobra;
esta soidade sen despois que
compartimos ata esgotar os seus sons;
este vagar que vulneramos
a penas cos ollos ou coas mans
é ao tempo un proxecto e un logro.
Marta, tan rendido estou ao teu feitozo
que xa non me doe a vida que non vivo
e pérdome contigo en curros ignotos
e non hai espacio entre o teu corpo e o meu.
Chegaremos ao corazón da espiral
pontes a través, sen temor do vento,
mares a través, acirrados polo lume.
Louca coma min, escóitasma e sorrís.
Calquera rodeira serve para andar.

(III]

Marta, per tu i per mi no hi ha records
i no hi ha densitat ni moviment.
Tenim però memòria de tot
i en estimar-nos ablanim deserts.
L'aigua i la nit ens donen aixopluc
i amb fils de llum teixeixen el mirall
per on la lluna clara del desig
s'enfila i creix i ateny la plenitud.
Som rics de l'íntim saber de tothom
i convertim el goig incipient
en un plaer magnífic i total.
Damunt no-res bastim un poderós
castell de somnis, que suscita focs
i empeny la saba, i desvetlla el verd
encís de l'ombra. Marta, tot és pur
i els joncs esmolen aquest riu de tu
que ve de lluny i que m'amara tot.

(III]

Marta, para nós non hai lembranzas,
nin hai densidade nin movemento.
Mais gardamos memoria de todo
e ao amarnos temperamos desertos.
A auga e a noite dannos abrigueiro
e con fíos de luz tecen o espello
por onde a lúa clara do desexo
gabea e medra e chega á plenitude.
Somos ricos do íntimo saber común
e trocamos o gozo nacente
nun pracer magnífico e total.
Sobre a nada erguemos un poderoso
castelo de soños, que prende lumes
e turra pola saiba, e descobre o verde
feitozo da sombra. Marta, todo é puro
e os xuncos afian este río teu
que vén de lonxe e me asolaga todo.

(IV]

Sàviament i tendrament, per tal de perllongar el plaer sàviament. L'ardent intimitat. Aquest bleixar cadenciós que intensifica el gest per lleu que sigui, que provoca el gest i n'és alhora l'eco. Tant de mar, de mar de tu per resseguir amb els dits clars i precisos, amb els llavis molls d'aigua de tu. Que lentament te'm fas present i em configures, delerós i alhora prudentíssim. Com em dus a l'onejar incitant d'aquest teu bleix suau i delitós, que jo perfaig amb el meu bleix. Cap vent no ens pot bressar més dolçament. Ho saps i jo també. Ara és l'instant del risc i del delit. Et beso, Marta, els pits i allargo el bes.

(IV]

Tenra e sabiamente, sen outro fin que prolongar o pracer sabiamente. A ardente intimidade. Este xemer cadencioso que subliña o aceno máis miúdo, que provoca o aceno que é ao tempo o eco. Tanto mar, mar teu para o percorrer cos dedos claros e precisos, cos labios mollados da túa auga. Preséntaste tan a modo e configúrasme, apaixonado e prudentísimo. Como me levas ao ondear incitante deste teu xemido dondo e delicioso, que eu remato co meu xemido. Non hai vento que nos abale máis docemente. Ti sábelo, e eu tamén. Este é o intre do risco e o pracer. Bicoche, Marta, os peitos e demoro o bico.

(V]

Evoco rams de fosca i rams de llum. Amb rams de llum guarneixo solituds, amb rams de fosca encenc tots els desigs. Evoco cossos bells, i d'entre tots evoco el teu que estimo i que conec. Evoco llocs insòlits i actituds clarament incitants; rostres i veus, i els fixo en tu que me'ls fas tots presents. Vibrant geografia del combat. Com si el passat ens pertanyés, i el temps no convertís en cendra els anys, tornem a la penombra amiga i al secret i et toco els pits i el sexe i tu repons càlidament com jo. Marta, no escric damunt la sorra fina dels records. Parlo de tu i de mi, d'ara mateix i del teu cos i el meu en un sol cos.

(V]

Evoco ramos de luz e sombra. Con ramos de luz adorno soidades, con ramos de sombra prendo os desexos. Evoco corpos fermosos, e entre todos evoco o teu, que quero e que coñezo. Evoco lugares insólitos e actitudes incitantes, rostros e voces, e préndoo en ti que os fas presentes. Vibrante xeografía do combate. Como se o pasado for noso, e o tempo non tornase en cinsa os anos, volvemos ao luscofusco amigo e ao segredo e apálpoche os peitos e o sexo e ti respondes quente coma min. Marta, non escribo sobre a area miúda dos recordos. Falo de ti e de min, de agora mesmo, e do teu corpo e do meu nun só corpo.

(VI]

Abrupte i prepotent, aquest esclat
que em serva erecte i m'empeny cap a tu
muda la sorra en sang i estampa noms
a totes les parets. Indiferent
a la crida del temps, deturo el temps
en el teu cos i et beso els llavis molls
i els pits i el sexe, moll també i suau.
A trenc de somnis pel cristall dels mots
i en el silenci dens d'uns besos folls
i alhora astuts, conjurem els perills
i les temences. Glops de boira i mar
fan d'horitzons que vulnerem, i tot
és el teu ventre lleu i els teus malucs
duríssims i tan dòcils. Marta, el goig
abriva la creixença del desig.
No hi ha cap llac tan clar com els teus ulls
ni cap vent tan subtil com els teus dits.

(VI]

**Abrupto e prepotente, este estouro
que me mantén ergueito e me empurra a ti
muda a area en sangue e estampa nomes
en tódalas paredes. Indiferente
á chamada do tempo, deteño o tempo
no teu corpo e bicoche os labios mollados
e os peitos e o sexo, mollado tamén, e dondo.
Ao raiaren os soños pola crista das palabras
e no silencio denso duns bicos tolos
e ao tempo astutos, conxuramos os perigos
e os temores. Grolos de néboa e mar
serven de horizontes que ferimos, e todo
é o teu ventre lene o os teus cadrís
durísimos e tan mansos. Marta, o gozo
acentúa a medra do desexo.
Non hai lagoa clara coma os teus ollos
nin vento tan sutil coma os teus dedos.**

(VII]

No em prens ni et prenc. Traço el perfil d'un gest
i tanta llum es pobla del teu cos
que ja la llum ets tu i tots els colors
s'esbalcen i es confonen. Afuats,
esdevenim la punta d'un sol crit,
d'un sol desig, d'un sol pressentiment.
Vibra el silenci. Pluges i metalls
mesclen els sons. L'espera és tensa. Tens
l'arc del teu cos i alhora acollidor.
Entro en tu, Marta, tendrament, i creix
en ones lentes, poderós, el goig
fins a assolir la fonda plenitud,
la balma clara sense tornaveus.
Pura i obscena et mostres. Tens els pits
suaus i erectes i te'ls beso. Tu
sommris a penes, bleixes i m'aculls.
Molt dolçament repeteixo el teu nom.

(VII]

**Nin me tomas nin te tomo. Trazo o perfil dun aceno
e é tanta a luz que poboia o teu corpo
que xa a luz é ti e todas as cores
se precipitan e se confunden. Aguzados,
convertémonos na cima dun só berro,
cun só desexo, cun só presentimento.
Vibra o silencio. Chuvias e metais
mesturan os sons. A espera é tensa. Tenso
o arco do teu corpo e ao tempo acolledor.
Entro en ti, Marta, tenramente, e medra
en ondas lentas, poderoso, o gozo,
ata atinxi-la fonda plenitude,
a furna clara sen tornavoz.
Pura e obscena, amósaste. Tes os peitos
suaves e erectos e bicochos. Ti
sorrís a penas, xemes e acóllesme.
Con toda a dozura repito o teu nome.**

(VIII]

Marta, la plenitud no és un erm
ni aquest silenci d'ara un pou eixut;
l'esfera gira lentament i el temps
s'ha deturat al fosc dels teus cabells.
Aigües i vent reposen, i el desig
és una branca amb tota llei de fruits.
Que lluny de tot, i els dits aquietats
entre els teus dits, l'escuma dels colors
al fons dels ulls, aquietats també.
Que lluny de tot, i músiques i veus
configurant l'empremta del teu cos
que estimo tant, damunt la meua pell.
Res no ens pertany i som senyors de tot.
L'ombra de l'ombra allargassa el secret
molt més enllà del gest i del neguit.
Acluco els ulls i aspiro el teu perfum
compacte i dens, tan ple de salabor.

(VIII]

**Marta, a plenitude non é un ermo
nin este silencio de agora un pozo seco;
a esfera xira de vagar e o tempo
detívose no escuro dos teus cabelos.
Augas e vento repousan, e o desexo
é unha póla con toda sorte de froitos.
Qué lonxe de todo, e os dedos acougados
entre os teus dedos, a escuma das cores
no fondo dos ollos, acougados tamén.
Qué lonxe de todo, e músicas e voces
configurando a pegada do teu corpo
que tanto amo, por riba da miña pel.
Nada nos pertence e somos amos de todo.
A sombra da sombra alonga o segredo
alén do aceno e do desacougo.
Pecho os ollos e aspiro o teu arrecendo
compacto e denso, tan cheo de sal.**

(IX]

Les clares rutes del teu cos i el vent
a les terrasses altes de la nit.
Llegeix-me els ulls. M'aprenc i em desaprenc
sense dir res. Tant d'horitzó sobrer
i aquesta melangia amb verds i blaus,
fulles i somnis, i algun cant llunyà
que ni somou els borrallons de pols.
S'atarda el gest. Meandres de claror
i aquest atzar de tot que no constreny
ni lliga ni sotmet. Llassos, deixem
que el raig dels temps flueixi lentament
i ens amari de nou. Membres endins
recomença el gran cicle; terra i sang
mesclats confusament, i fosca i llum
encara indestruïbles. Penso el mar
immòbil i llunyà d'una postal.
L'espera, Marta, clar cancell del goig.

(IX]

**As claras rotas do teu corpo e o vento
nas terrazas altas da noite.
Leme os ollos. Apréndome e desapréndome
sen dicir nada. Tanto horizonte
e esta soidade con verdes e azuis,
follas e soños, e algún canto lonxano
que nin sequera roza os cotóns de po.
Demórase o aceno. Meandros de claridade
e esta sorte de todo o que non aperta
nin liga nin somete. Cansos, deixamos
que o chorro dos tempos flúa a modiño
e nos molle de novo. Membros adentro
recomeza o grande ciclo, terra e sangue
mesturados confusamente, e escuridade e luz
aínda inseparables. Penso no mar
inmóbil e afastado dunha postal.
A espera, Marta, soleira clara do gozo.**

(X]

Imagino preguntas, rostres, veus,
 i convoco presencias i llocs
 per confegir el passat amb dos futurs,
 el teu i el meu, que instauro a cada instant.
 De tot arreu, represa i flama, lluu
 l'ombra de fines xarxes, i els penons
 fan un estiu de sols desmesurats.
 Sé del teu cos pel meu, dels teus moments
 de plenitud pel goig d'aquestes mans
 amb què et recorro, i ara més que mai
 sotjo l'estesa del teu cos, sorral
 amb llunes i marees. Marta, et duc
 pel flanc de mi mateix fins on tu vols
 i el nostre pas desvetlla ecos remots,
 música lenta de coralls batuts
 per l'ona incipient, fosques remors
 que només jo reconec i perfaig.

(X]

Imaxino preguntas, rostros, voces
 e convoco presencias e lugares
 para unir o pasado con dous futuros,
 o teu e o meu, que instauro a cada vez.
 De todas partes, recomezo e chama, ilumina
 a sombra de finas redes, e os pendóns
 fan un verán de soles desmesurados.
 Sei do teu corpo polo meu, dos teus intres
 de plenitude polo gozo destas mans
 con que te recorro, e agora máis ca nunca
 contemplo a extensión do teu corpo, areeiro
 con lúas e mareas. Marta, lévote
 polo meu propio flanco ata onde ti queres
 e o noso paso esperta ecos remotos,
 música lenta de corais batidos
 pola onda nacente, escuros rumores
 que só eu recoñezo e remato.

(XI]

Bancals de vent i mar llaurats de fresc.
 Tots els penells assenyalen el nord
 i conflueixen altra volta els rius.
 Tant sense esforç, venim de la claror
 i anem a la claror. Bancals de vent
 el teu cos que retrobo en el meu cos.
 Marca'm el rumb amb el batec profund
 d'aquest desig que escric als teus cabells
 perquè en llegir-lo t'afalagui més:
 pensa'm, sol.lícit, descobrint camins
 no per sabuts menys clars i estimulants;
 traça'm les vies d'aquest nou esclat
 damunt la pell febrosa i amatent.
 M'empunyo, Marta, a plenes mans, a ple
 plaer de tu, que peses damunt meu
 amb tot l'embruix d'un cos compacte i dur,
 amb tot el pes del vent que esbullia el mar.

(XI]

Socalcos de vento e mar arados hai pouco.
 Tódolos cataventos sinalan o norte
 e conflúen outra vez os ríos.
 Tan mainos, vimos da claridade
 e imos á claridade. Socalcos de vento
 o teu corpo que reencontro no meu.
 Márcame o rumbo co latexo profundo
 deste desexo que escribo nos teus cabelos
 porque ao lelo, gábote máis;
 lémbreme, disposto, descubrindo camiños
 non por coñecidos menos claros e estimulantes;
 tracexa as rodeiras deste novo estouro
 por riba da pel febronta e pronta.
 Agárrome, Marta, coas mans todas, a todo
 o teu pracer, que pesas por riba miña
 con todo o engado dun corpo compacto e duro,
 con todo o peso do vento que encerella o mar.

(XII]

Tots els miralls i tots els ulls també
per escrutar els miralls i descobrir
dimensions subtils en cada gest.
Tots els miralls per abrivar el desig,
per obrir portes a la voluptat,
i tots els ulls per retraçar senders
damunt la pell oferta i expectant.
I els dits també, i els llavis i les dents,
la veu manyaga i els silencis clars,
la pausa d'aigua que compassa el foc
i n'estableix els límits i el secret.
Tot, Marta, tot, i el dòcil horitzó
d'aquest teu cos que ara m'acull de nou,
que esborra els anys i dilueix la por
i és l'eix que centra el goig i el moviment.
Fondes imatges, fonda vida, tot
conflueix i es retroba en aquest solc.

(XII]

**Todos os espellos e mais os ollos
para esculcar nos espellos e descubrir
dimensións sutís en cada aceno.
Todos os espellos para encirrar o desexo,
para abrir as portas á voluptuosidade,
e os ollos para volver tracear carreiros
por riba da pel a ofrecerse espectante.
E os dedos tamén, e os beizos e os dentes,
a voz de veludo e os silencios claros
a pausa de auga que terma o lume
e sinala os cómaros e o segredo.
Todo, Marta, todo, é o manso horizonte
deste teu corpo que agora me acolle de novo,
que borra os anos e dilúe o medo
que é o eixe que centra o gozo e o movemento.
Fondas imaxes, fonda vida, todo
conflúe e se reencontra neste suco.**

(XIII]

Corfes de llum i un més enllà remot
que no distreu de tanta quietud.
Amb verd de fulles escriuré el teu nom
i amb blau d'onada lenta el meu desig
perquè ens penetri la sentor del mar
i ens agomboli la remor del bosc.
Corfes de llum. Petxines d'ombra. Tot
el que hem viscut ho inscriu en el teu cos
i el teu silenci em fa de tornaveu,
el teu silenci d'àmfora i de pou.
Marta, reposes i jo et vetllo el son.
L'heura dels dits detura el pas del temps
i no hi ha espai que no omplin els teus pits
turgents i erectes, el teu ventre llis,
i el sexe ofert, les cuixes i els malucs.
Apropo els llavis als teus llavis molls
i compassadament respiro amb tu.

(XIII]

**Cascas de luz e un alén remoto
que non distrae de tanta quietude.
Con verde de follas escribirei o teu nome
e con azul de onda lenta o meu desexo
porque nos penetra o arrecendo do mar
e nos envolve o rumor do soto.
Cascas de luz. Vieiras de sombra. Todo
o que vimos escúlpoo no teu corpo
e o teu silencio faime de tornavoz,
o teu silencio de ánfora e de pozo.
Marta, repousas e eu vixíoche o sono.
A hedra dos dedos detén o paso do tempo
e non hai espacio que non enchan os teus peitos
turxentes e erectos, o teu ventre liso,
e o sexo a ofrecerse, as coxas e os cadrís.
Achego os labios aos teus labios mollados
e respiro contigo ao mesmo compás.**

(XIV]

Reposes, Marta, i ara tanco els ulls
per pensar-te, per veure't. Focs llunyans
i músiques i festes pel teu cos.
Tot l'aldarull insòlit dels colors
d'aquest estiu i el vent que esbulla flocs
de cabells i n'escampa la claror.
Balma i torrent alhora, cridaré
la certitud de tu, d'aquests instants
que hem compartit, i escoltaré el ressò
de cada mot al fons de mi mateix;
balma i torrent, repetiré el teu nom
i els llavis plens de tu proclamaran
conjuntament presència i desig.
Tribut de sorra i fulles, temps i joc
apaivaguen la set del vianant.
Reposes, Marta, i jo repous en tu,
i et penso tendrament, i et veig, i et tinc.

(XIV]

**Repousas, Marta, e agora pecho os ollos
para imaxinar-te, para verte. Lumes distantes
e músicas e festas polo teu corpo.
Todo o balbordo insólito das cores
deste verán e o vento que encerella frocos
de cabelos e espalla a súa claridade.
Fervenza e furna a un tempo, berrarei
a certeza de ti, destes intres
que compartimos, e escoitarei o resón
da cada palabra no fondo de min mesmo;
furna e fervenza, repetiré o teu nome
e os labios cheos de ti proclamarán
asemade presencia e desexo.
Tributo de area e follas, tempo e xogo
apagaban a sede do camiñante.
Repousas, Marta, e eu repouso en ti,
e imaxínote tenramente, e véxote, e téñote.**


(XV]

Lluny, Marta, lluny de tot i en solitud;
platja deserta, cambra closa, bosc
de grans silencis; tanta vida, tant
de tu i de mi pertot arreu que res
no ens escatima imatges: fonda arrel
que ens nodreix i que ens serva. Lentament
emergim de les aigües, xops de llum.
Que vibri l'arc que tensa cada mot
i cada gest i cada sentiment;
que el mar, llunyà, pregoni l'alt triomf
de la teva bellesa i del meu goig.
Lluny, Marta, lluny, l'esclat intens del blanc
restaura els límits que hem tant vulnerat.
No hi ha buidor ni fosca, i altre cop,
vida i no vida en un sol moviment,
m'omple la pell i el pensament de tu
des de les hores mortes, talaiot.

(XV]

**Lonxe, Marta, lonxe de todo e en soidade;
praia deserta, cuarto pechado, souto
de grandes silencios; tanta vida, tanto
de ti e de min por todas partes que nada
nos mingua imaxes: fonda raigaña
que nos nutre e que nos escraviza. De vagar
emerxemos das augas, enchoupados de luz.
Que vibre o arco que tensa cada palabra
e cada aceno e cada sentimento;
que o mar, lonxano, pregoe o alto triunfo
da túa beleza e mais do meu gozo.
Lonxe, Marta, lonxe, o estouro intenso do branco
restaura os límites que tanto temos vulnerado.
Non hai baleiro nin escuro, e outra vez,
vida e non vida nun só movemento,
cubro a pel e o pensamento de ti,
desde as horas mortas, talaiot.**

.....
Roda de Ter, novembro 1977 / febreiro 1978.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. **Maquetación,** Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. **Correo:** mare@galicia-hoxe.com

26 / NOVENBRO DE 2003 - NÚMERO 493

rdL REVISTA
DAS
LETRAS

Cando
 os feitos están na
 nervadura da Historia,
 non son para esquecer senón para
 lembrar perpetuamente.
 Agora andan aqueles que executaron ou
 aplaudiron coas mans ensanguentadas
 o martirio da nosa millor xente,
 convocando ao esquezo, á convivencia, á harmonía.
 Din que o pasado xa pasou e que hai que encarar o
 futuro desde a amnesia,
 coa mente limpa e o corazón sen ódios.
 Certamente nós non odiamos; pero sabemos que non
 teríamos futuro, como nación e como povo, se
 esqueceramos a aqueles que foron o alicerce da nosa pátria,
 se esqueceramos a súa morte alevosa e a súa inocencia,
 se esqueceremos que a chama de amor que levamos viva
 por Caliza
 prendero-na eles, e os baseamentos da nosa liberación
 non serían firmes sen as súas palabras,
 sen a derradeira lección do mestre.

Antón Avilés de Taramancos

B VEDA

A Cruña 20-11.34

Querido Bóveda: Celebrarei fondamente que tiveras un bon viaxe e chegaras sin novidade a ese momentaneo des-terro. Leín no Pueblo unha breve reseña da vosa despedida en Pontevedra que ao parecer foi boa e significativa.

Cando soupemos a primeira noticia do teu traslado falamos aquí con Iglesias Corral e Miñones para que eles en Madri fixeran algo por conquistar a revocación do traslado. Iglesias non sei si fixo algo porque é un raposo terri-bel mais Miñones xestionou algo pol-a carta e copia de telegrama que che adxunto. Do resultado final non sabe-mos rên por agora.

Imos ao noso asunto. Dende logo e como che dixen por teléfono eu estou disposto a ir para ahi nas condicións que me dixeches ou sexan as 400 pts mensuaes.

Para encarregar-me de todo canto se refire a organización xeneral do Partido e A Nosa Terra. Espiritualmente estou encantado pois sempre foi unha aspiración miña ter un xeito de vida que me permita dedicarme de cheo as nosas cousas e ti ben sabes que dentro do que me era posibel adiqueillas sempre con unha constancia que ten polo menos quince anos sin interrupción. No orde material (porque hai que vivir e preocuparse dos que veñen atras) penso dende logo que en Pontevedra poderei vivir con ese soldo ademais.... de como vaian as cousas e aínda que podería atopar algunha axuda por calquer traballo que as cousas do Partido me permitiran.

Garantía de todo esto para min ...ame o teu nome e o teu intrés pois sei de sobra que ti non farías nada que non poideras e deberas facer. Por outra parte os demais irmáns interesados no asunto son en ...total... como para que non se fale mais d'este aspeito.

Modestia aparte penso que o asunto pode ser d'unha gran eficacia para o Partido e que poderemos realizar cousas que agora non podemos por non ter unha persoa integramente adicada a elo: Eu total estou satisfeito e disposto a elo. Eu teño a impresión de que as cousas políticas tenden a poñerse favorables para nós e en xeral pa-ra as esquerdas pois é indiscutible que se está operando unha reacción que dará grandes resultados en canto non haxa censura e liberdade de actuación. As dereitas están (arrostr...ando...) demasiado a orella e os radicais son impopulares masas republicanas a pesar do aparato da cousa oficial e o predominio circunstancial do Po-der. Sin esquecer a división interna reinante entre eles. Dereitas e lerrouxistas. Vexo un bon porvir para as ten-dencias esquerdistas e co matiz que actualmente ten o noso partido en Galicia temos moito que facer e gran po-sibilidade de trunfos. Isto, que non sei se será un excesivo optimismo, vén a demostrar 'meus' a necesidade de non deixar interrompirla a marcha da nosa orgaización. Si polo contrario viñeran moi mal dadas, cousa que xa che digo non creio, e non poideramos actuar como compre e quereamos, polo que a min respeta coido que de fame non habia de morrer e entre todos xa aparecería onde ganarse a vida ¿Estamos?

Asi que pol'a miña parte teño todo ben pensado e por min non hai ningunha dúbida. Imos ao ...choyo...

Acerca da residencia imos a falar. Casal decíame na súa carta que caso de chegarmos a un acordo coidaba mi-llor ir-me para Santiago pois dende ali son mais fáciles os desplazamentos. Decía ademais, d'acordo con Sebas-tian, que sería posibel que no Seminario deran-me algún traballo retribuído para asi, o que dera o Seminario podía descargarse ao Partido para non resultar o asunto tan gravoso. Niste aspeito non deixa de ter razón pois si o Seminario poidera desprenderse de 20 ou 30 pesos sería unha cantidade que o Partido podía aforrar.

Certamente que para min sería mais traballo pero eu a eso non lle teño medo e tempo tería d'abondo pois co-noces á miña aitividade.

Vós relacionaredes esto co que tendes pensado e resolver como xusguedes millor. A min francamente gusta-riame vivir mellor en Pontevedra por moitas cousas. Entre elas por estar cerca dos de Vigo e podermos reunirnos cando quixeramos. Como che digo, isto é cousa vosa e a min dame igual anque como digo gústame mais Ponte-vedra que Santiago.

Ti farás agora dende ahi o que che pareza con arreglo ao que tendes falado e comunica aos demais o que sexa.

Para començar o meu traballo paréceme millor que aproveitáramos cando veñas a Pontevedra a pasar as Pas-cuas que eu podería ir ahi uns dias para ...impoñer-me... do asunto, buscar casa e facer o traslado poidendo estar a cousa xa en marcha a comenzos de xaneiro. ¿Paréceche ben? Ti dirás.

Coido que está claro o meu pensamento. Depende agora do que vós determinedes. Por min non haberá dificul-tade e atópome disposto a ir a elo cando vós o acordedes e dispoñades.

Nada mais de momento. Agardo a tua resposta que che agradeceréi sexa o mais rápida posibel para ir eu ta-mén adiantando e preparando as miñas cousas.

Unha aperta fonda e cordial de
Victor

Rte Damas 18-2º dcha

O crime perfecto

Xoán Carlos Garrido
Couceiro

Cando oímos falar do fascismo vénnos á cabeza os uniformes das SS, as cruces gamadas, as botas de coiro negro.... Son clichés que nos axudan a identificar este fenómeno do mesmo xeito que nos impiden entender o proceso moito máis profundo e complexo que o provoca. O fascismo, minoritario neste tipo de expresións estereotipadas, só ten éxito cando existe unha grande masa social neutra e permisiva que mira para outro lado. Pais de familia, cortesés e afábeis que non teñen nada que obxectar ao exterminio dun segmento social e que conseguen dalgún xeito delegar nestes grupos de choque ou nos aparatos do Estado, a execución de moitos dos seus desexos máis inconfesábeis. En moitos casos, nun momento de exaltación ou de xeito frío e calculado, ata o máis educado cidadán se atopa formando parte dun pelotón de fusilamento e disparando contra un Alexandre Bóveda; mesmo é posíbel que algún que aperte o gatillo comparta e defenda as mesmas ideas que a vítima pero que nese momento as teña temporalmente suspendidas, porque verdadeiramente, o fascismo, máis que un ideario é a ausencia de todo compromiso teórico, un chegue en branco, un cravo ardendo, unha corda que canto máis firme nos ata máis seguro nos fai sentir ao saltar ao baleiro. Pero sobre todo, o fascismo é tirar a pedra e esconder a man.

Se reconstruímos o caso Bóveda e pretendemos atopar un culpábel, tropezamos cunha responsabilidade tan desdibuxada que semella presentárenos coma unha catástrofe natural cando sabemos que aconteceu por obra de vontade humana. Se houber que acusar a alguén, poderíamos limitar o rango aos que dispararon, aos que deron a orde, aos que fixeron a parodia de xuízo... aínda así todos os directamente implicados poderían alegar que recibían ordes, que non se terían comportado dese xeito senón fora no marco dunha guerra que eles non causaron. As circunstancias atenuantes e mesmo eximentes, libraríalles de toda culpa. Ao fin, Bóveda foi asasinado e ninguén pagaría por isto porque naquel entón, matar era gratis e dun réxime que era xuíz e parte, non cabería agardar reparación da inxustiza cometida.

A esta situación, na que a pena capital é administrada cunha lóxica burocrática que fai difícil atopar a verdadeira intencionalidade dos autores, non se chega casualmente aínda que tamén se presente como produto inevitábel da idiosincrasia peninsular. Non se tería producido a inmolación do dirixente nacionalista se non for porque se construíron as condicións para que esta quedase impune. O móbil do crime é obvio e a quen favoreceu a súa morte, tamén. Pero esta non se levaría a cabo se lles tivera custes aos adversarios políticos que defendían intereses antagónicos dos que el representaba.

Non abonda con dicir que a súa execución se explica polo seu compromiso coa causa galega, por ser un cadro indispensable da auto-organización do país... pois esta foi posíbel mercé a crear a oportunidade para que este acto, en vez de ser tipificado como un delito, fora concibido polos seus autores como unha resolución administrativa e viran cubertas as costas e tranquilizada a súa conciencia. En definitiva, Bóveda non sería asasinado senón se crearan dúas condicións que explican por unha banda que os verdugos se decidiran a levar adiante a súa acción e pola outra que Alexandre optase por renunciar a súa salvación individual e mesmo vira neste feito unha ocasión para ratificar as súas teses políticas. E na medida en que a lexislación excepcional coa que se investiu de legalidade o homicidio naceu dun determinado contexto que nos remite aos responsábeis de xerar dito estado de opinión que fixo posíbel a impunidade e que coincide cos detentadores do poder que lle quitou a vida a quen encabezaba a dirección do movemento de autogoberno do país; podemos dicir que esta execución non é un axustizamento senón a perpetración dun auténtico crime con premeditación, nocturnidade e aleivosía.

[Premeditación]

Se por isto entendemos pensar reflexivamente unha cousa antes de executala, o pensamento español hexemónico personalizado en figuras como Unamuno ou Ortega tiñan teorizado sobre a cuestión "rexional" nuns termos que non deixaba lugar a dúbidas sobre a concepción da diversidade como enfermidade que había que extirpar no caso de que se agudizara o seu cadro clínico. O paradoxo é que se presentaban desde unha posición de forza moral porque sostíñan a máxima da tolerancia como fórmula de ir soportando a heteroxeneidade como bondadosos pais de familia que estaban chamados a vertebrar baixo a súa autoridade aos diferentes fillos inmaturos e rebeldes que abranguía os seus dominios. Pero esta idea de tolerancia implica primeiro a consideración dos outros como desprovistos de dereitos que cada vez que reclaman algo que non lles corresponde, non fan senón molestar, e segundo, que existe a supremacía dun pobo, dunha cultura, dunha lingua, dunha raza ou do que sexa que representa un centro baixo a idea de que eles son o todo mentres que os demais só son partes, reclamando a subordinación das partes. Destas dúas ideas se deriva que a tolerancia ten un límite e que ese límite é o centro quen o determina discrecionalmente.

[Nocturnidade]

Non se defendía claramente e a plena luz do día a tese do Estado Centralista e Imperial. Algo que a primeira vista podía causar receo. Mesmo as forzas estatais se daban de federalistas e a constitución se lle dicía federábel. Nin-

guén ousaba a opoñerse ao Estatuto de Galiza pero todos o adiababan na súa axenda eternamente. No canto de recoñecer a realidade existente, os estatutos íanse outorgando a segundo foran facendo forza as diferentes comunidades, reforzando así a idea dos pedichóns incordiantes e establecendo agravios comparativos entre as distintas nacionalidades (decreto de bilingüismo só para Cataluña, Generalitat por decreto,)


Así pois, tendo en conta a diversidade do Estado e os distintos intereses en liza no canto de recoñcelos e canalizalos formalmente para resolvelos de xeito pacífico, o que se fixo foi tapalos hermeticamente como unha ola a presión para que estouparan de xeito violento e a legalidade vixente fóra substituída pola lei do máis forte no marco da cal o enfrontamento se resolvería obviamente a favor dese Centro Imperial que sempre se alimentou disimuladamente e para o que sempre traballaron de xeito oculto pero real os chamados "autonomistas" ou "federalistas" dos partidos republicanos estatais, e que agora xa se mostra a cara descuberta, desde unha posición de forza polo nacional-catolicismo que releva a estes na defensa da mesma estrutura dun Estado piramidal e xerárquico fundado sobre a desigualdade.

[Aleivosía]

Hai unha intención clara de descabezar o país de xeito exemplar. Non era necesario para a toma de poder nin para unha rápida victoria militar o asasinato de persoas como Alexandre Bóveda, pero o que eles chamaban "asegurar a retagarda" tiña un fin estratéxico moito máis alá da contenda. A formación dunha xeración de cadros políticos capaz de dirixir un país de xeito patriótico, isto é, antepoñendo o beneficio colectivo á carreira persoal, pode ser cousa de séculos. Pero ao eliminalos non só se lle dá para atrás ao reloxo no referente ás elites, senón que o empoderamento da xente que se chegou a sentir capaz de valerse por si propios e a afouteza para non temer ao cambio e ao novo, desaparecen da sociedade, e o medo, o terror, interiorízase por xeracións en toda a poboación persuadíndos de volver a "meterse en política". Por isto a Bóveda, nese panorama, non lle quedaba outra que utilizar a súa propia morte para soste as súas teses, tal como acreditan as diferentes testemuñas. A fuxida non era unha opción porque a reconstrución do nacionalismo precisaba facerse sobre a base de que o fracaso da auto-organización do país non era debido ao apoucamento e incapacidade inherente dos galegos para gobernarse, senón á brutalidade allea para esmagar a súa liberdade.

Bóveda sabía que baixo a represión, a organización e o corpo se acochan, e a tentación é mesmo disocialos das ideas e da mente. O corpo e a organización son unha carga pesada da que todos se pretenden desprender para que non teñan por onde coller, pero a clandestinidade esixe fortes lazos informais, unha glándula pineal que manteña a comunión de ambas as dúas dimensións. E por iso, historicamente houbo que prestarse a sacrificios deste tipo para fundir corpo e espírito nun mesmo acto definitivo e ao mesmo tempo fundacional dun novo xeito de levar a loita política e que non pode pasar en ningún caso polo divorcio entre ideario e estrutura, entre teoría e praxe, hai agora 30 anos puidemos comprobalo no caso de Salvador Allende.

O galeguismo sen partido, a alma sen corpo, a mística do piñeirismo, terá que construírse sobre o esquecemento de Bóveda, a súa lembranza desautoriza aos que afirman que os galegos son xeneticamente incapaces de desenvolverse coas súas propias forzas. Bóveda deslexitima tamén un Estado construído sobre os cadáveres dos discrepantes, o patriotismo constitucional fillo dos principios do movemento, non pode esgrimirse contra os descendentes de Bóveda recreando o mesmo clima de linchamento do disidente que sufriu o galeguismo republicano, porque a tradición democrática do nacionalismo galego queda selada co seu fusilamento, mentres que se alguén está baixo sospeita de autoritarismo son outras forzas políticas de infausto pasado. Agora, afortunadamente, matar é máis caro gracias a lembrar aos mártires. Hoxe teñen que medirse porque xa non é posible quedar libre de culpa, a memoria activa é quen de impedir que outra volta se volva cometer o crime perfecto.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

Cando
 os feitos están na
 nervadura da Historia,
 non son para esquecer senón para
 lembrar perpetuamente.
 Agora andan aqueles que executaron ou
 aplaudiron coas mans ensanguentadas
 o martirio da nosa millor xente,
 convocando ao esquezo, á convivencia, á harmonía.
 Din que o pasado xa pasou e que hai que encarar o
 futuro desde a amnesia,
 coa mente limpa e o corazón sen ódios.
 Certamente nós non odiamos; pero sabemos que non
 teríamos futuro, como nación e como povo, se
 esqueceramos a aqueles que foron o alicerce da nosa pátria,
 se esqueceramos a súa morte alevosa e a súa inocencia,
 se esqueceremos que a chama de amor que levamos viva
 por Caliza
 prendero-na eles, e os baseamentos da nosa liberación
 non serían firmes sen as súas palabras,
 sen a derradeira lección do mestre.

Antón Avilés de Taramancos

B VEDA

Cando os feitos están na nervadura da Historia –escribe Avilés de Taramancos– non son para esquecer. Compría volver a Alexandre Bóveda (1903-1936), no ano do seu centenario e para o rescate do home, organizador, motor e guía do Partido Galeguista a quen se lle debe a construción dun movemento político con capacidade real sobre a dinámica do país. Lector de Keynes, Marx, Klevachter ou Wagemann –entre outros textos dun autodidacta voraz e avanzado do seu tempo– o seu arrinque a prol dunha Facenda pública galega, abrolla con toda a vixencia no actual tecido autonomista, máis de medio século despois de que o mataran por defendelo. Defíneo Fernández del Riego como “un político de acción” e ve Francisco Carballo no seu martirio “proba definitiva de grandez patriótica e de autenticidade cristián”. Serio, de actividade inmensa –fronte á dirección da Caixa de Aforros de Pontevedra, nas campañas a prol do Estatuto, na organización do PG.... Bóveda era un home de fe, cando fe é non só crenza senón tamén amor por un pobo. “El contábame que o seu entusiasmo empezou sendo novo. Estaba co seu pai, que era carpinteiro, lendo un xornal e pasaron uns ‘señores’ de Ourense decindo, ‘hai que ver a onde chegamos, agora até os obreiros len periódicos’, e Xandro explicábame, ‘de maneira que un obreiro non pode lér? Claro, que canto menos ilustrados están, menos os estuden, seica máis convén, porque así lévanos por onde queren”, contaba Amalia Álvarez, filla de Álvarez Limeses e a súa dona, sempre á beira do Xandro. Hoxe arrinca en Pontevedra un Congreso para a rehabilitación dunha figura capital na historia do país. Para a RDL, un dos seus biógrafos, Francisco Carballo, os profesores Marga Romero e X. Carlos Garrido, o historiador e xerente da Fundación Alexandre Bóveda, Uxío Breogán Diéguez xunto co seu propio fillo, Xosé Luis Bóveda, presidente da institución que facilitou para este número o material gráfico e inédito, recapitulan sobre a figura para a que demandan a súa recuperación. Trala semente de Bóveda

A Cruña 20-11-34

Querido Bóveda: Celebrarei fondamente que tiveras un bon viaxe e chegaras sin novidade a ese momentaneo desterro. Leín no Pueblo unha breve reseña da vosa despedida en Pontevedra que ao parecer foi boa e significativa.

Cando soupemos a primeira noticia do teu traslado falamos aquí con Iglesias Corral e Miñones para que eles en Madri fixeran algo por conquistar a revocación do traslado. Iglesias non sei si fixo algo porque é un raposo terribel mais Miñones xestionou algo pol-a carta e copia de telegrama que che adxunto. Do resultado final non sabemos rên por agora.

Imos ao noso asunto. Dende logo e como che dixen por teléfono eu estou disposto a ir para ahi nas condicións que me dixeches ou sexan as 400 pts mensuaes.

Para encarregarme de todo canto se refire a organización xeneral do Partido e A Nosa Terra. Espiritualmente estou encantado pois sempre foi unha aspiración miña ter un xeito de vida que me permita dedicarme de cheo as nosas cousas e ti ben sabes que dentro do que me era posibel adiqueillas sempre con unha constancia que ten polo menos quince anos sin interrupción. No orde material (porque hai que vivir e preocuparse dos que veñen atras) penso dende logo que en Pontevedra poderei vivir con ese soldo (...) ademais de como vaian as cousas e aínda que podería atopar algunha axuda por calquer traballo que as cousas do Partido me permitiran.

Garantía de todo isto para min olvidame o teu nome e o teu intrés pois sei de sobra que ti non farías nada que non poideras e deberas facer. Por outra parte os demais irmáns interesados no asunto son en total como para que non se fale mais d'este aspeito.

Modestia aparte penso que o asunto pode ser d'unha gran eficacia para o Partido e que poderemos realizar cousas que agora non podemos por non ter unha persoa integramente adicada a elo: Eu total estou satisfeito e disposto a elo. Eu teño a impresión de que as cousas políticas tenden a poñerse favorables para nós e en xeral para as esquerdas pois é indiscutible que se está operando unha reacción que dará grandes resultados en canto non haxa censura e liberdade de actuación. As dereitas están amostrando demasiado a orella e os radicais son impopulares nas masas republicanas a pesar do aparato da cousa oficial e o predominio circunstancial do Poder. Sin esquecer a división interna reinante entre eles. Dereitas e lerrouxistas. Vexo un bon porvir para as tendencias esquerdistas e co matiz que actualmente ten o noso partido en Galicia temos moito que facer e gran posibilidade de triunfos. Isto, que non sei se será un excesivo optimismo, vén a demostrar 'meus' a necesidade de non deixar interrompir a marcha da nosa orgaización. Si polo contrario viñeran moi mal dadas, cousa que xa che digo non creio, e non poideramos actuar como compre e queremos, polo que a min respeta coido que de fame non habia de morrer e entre todos xa aparecería onde ganarse a vida ¿Estamos?

Así que pol'a miña parte teño todo ben pensado e por min non hai ningunha dúbida. Imos ao choyo.

Acerca da residencia imos a falar. Casal decíame na súa carta que caso de chegarmos a un acordo coidaba mellor irme para Santiago pois dende ali son mais fáciles os desplazamentos. Decía ademais, d'acordo con Sebastian, que sería posibel que no Seminario deranme algún traballo retribuído para (...) así, o que dera o Seminario podía descargarse ao Partido para non resultar o asunto tan gravoso. Niste aspeito non deixa de ter razón pois si o Seminario poidera desprenderse de 20 ou 30 pesos sería unha cantidade que o Partido podía aforrar.

Certamente que para min sería mais traballo pero eu a eso non lle teño medo e tempo tería d'abondo pois conoeces a miña aitividade.

Vós relacionaredes isto co que tendes pensado e resolver como xusguedes mellor. A min francamente gustaríame vivir mellor en Pontevedra por moitas cousas. Entre elas por estar cerca dos de Vigo e podermos reunírnos cando quixeramos. Como che digo, isto é cousa vosa e a min dame igual anque como digo gústame mais Pontevedra que Santiago.

Ti farás agora dende ahi o que che pareza con arreglo ao que tendes falado e comunica aos demais o que sexa.

Para començar o meu traballo paréceme mellor que aproveitáramos cando veñas a Pontevedra a pasar as Pascuas que eu podería ir ahi uns días para impoñerme do asunto, buscar casa e facer o traslado poidendo estar a cousa xa en marcha a comenzos de xaneiro. ¿Paréceche ben? Ti dirás.

Coido que está claro o meu pensamento. Depende agora do que vós determiñedes. Por min non haberá dificultade e atópome disposto a ir a elo cando vós o acordedes e dispoñades.

Nada mais de momento. Agardo a tua resposta que che agradeceréi sexa o mais rápida posibel para ir eu tamén adiantando e preparando as miñas cousas.

**Unha aperta fonda e cordial de
Victor**

Rte. Damas 18-2º dcha

Querido Del Riego:

Vexo en "Heraldo" a referencia a un incidente que descoñezo, porque, sen dúbida pol-a irregularidade con que me chegan os xornais, non vin as notas a que alude.

Mais como supoño de que se trata non quero que che falle n-istes intres a nosa adhesión mais cordial, coa mais firme repulsa ao proceder indelicado do "Pueblo" xornal do que merecías outra consideración e apoio. Estamos no intre das persecucións. Non importa. Perderán o tempo aínda que de momento nos perxudiquen, iadiante!.

Unha aperta fonda **de Sr. Bóveda. 15/2/1935**

A Francisco F. del Riego. Casas Baratas, 18. Santiago. (Galicia)

MANUEL GALLEGO Y MARTÍNEZ

General Riego, 19-2º

CÁDIZ

Puerto Real (Cádiz), 9/12/1934

A. Fco. F. del Riego. Santiago

Querido irmán:

Xa podes maxinar con cánta ledicia reciben a túa adhesión â garimosa despedida que se nos fixo, ledicia que provén principalmente da fé no futuro con que está escrita e do outo patriotismo que a inza toda. Sí, querido Del Riego, a mocidade galega intelixente e dina e todo o noso pobo verán que nós non son uns farsantes mais e creerán en nós, e axudarannos e nós teremos a inmensa satisfacción de axudar e preparar o pulo decisivo da liberdade da nosa Terra.

Teimando sempre n-ela, eu estou a traballar dende o desterro con mais azos que en Galiza e non me dou tregua na laboura de comunicar con uns e outros para erguel-o espírito de todol-os bos patriotas, porque compre moito que o noso sacrificio non caia en ermo.

Supoño que Casal vos daría conta da carta que lle escribín hai días comunicándo impresións, que, por conseguinte, estimo innecesario repetir. As miñas cousas siguen marchando ben e agardo que sobor do 23 Castela e mais eu estaremos ahí pra pasar as vacacións de Nadal. Sería ben que aproveitando tales vacacións se celebrase, en fins d-iste mes ou primeiros do que ven, a IV Asambreia. Procurádeo todos.

E imos ao motivo principal motivo d-ista carta. Toparás adxunto un manifesto feixistoide, mitaroide, militaroi-de e retorcido, pero habiliño do 'Bloque Nacional'. Pode que xa o coñezas. A min paréceme que d-il podedes e debedes tomar pé os mozos galegos pra lanzar un en defensa da liberdade dos pobos, quente pero ben pensado, de senso fondo e racionalmente liberal, que conteña un chamamento âs mocidades de todol-os pobos. En galego, pero traducido tamén ao castelán para a prensa do resto de Hespaña. Coido que sería un bo tanto que vos apuntaríades. Queda exposta a idea. Si sirve, a realizala axiña.

Saudos a todos, apertas a Picallo, (...), Casal, etc e outra pra ti do teu irmán na Patria. **Alexandre Bóveda**

Irmán Bóveda:

Prégoche que me mandes un exemplar do teu folleto no que calculabas o que Galicia paga e recibe do Estado hespañol.

A ver se poideras contestarme as preguntas que van na cuartela adxunta ou mandarme algun libro ou folleto no que poida topar as respostas.

Isto desearía que mo mandaras axiña.

Unha aperta do **Antón Alonso Ríos**


I. Cuanto paga por contribución territorial cada provincia gallega

II. Riqueza media imponible por hectárea (clasificada en 1ª 2ª 3ª y cuarta) en cada una de las provincias gallegas.

III. La contribución territorial se fija con un tipo uniforme sobre el valor de la riqueza imponible en toda España; y es este tipo el del 21% en los actuales presupuestos?

IV. Cuánto pagan por contribución industrial Cataluña, Las Vascongadas, Galicia y alguna otra región de la Península?

Tomiño, 3 de agosto 32?



Non hai inocencia

Retallos literario de Alexandre Bóveda

Marga Romero

Tense demostrado a importancia da literatura na hora de definir unha identidade nacional, a literatura axuda a representar, a facer máis palpábel unha realidade concibida ou pensada. Crea esa realidade. Galiza foi pensada e creada tamén literariamente, sen podermos, moitas veces, desvincular a praxe política da súa transmisión ao pobo literariamente. Incapaces de trazar unha liña divisoria entre o escritor e o político. A literatura non é inocente. Segundo Miroslav Hroch en todo movemento que pensa e crea unha nación preséntanse tres fases que se suceden: descuberta da cultura nacional polas minorías intelectuais, período de axitación política e conexión social e, finalmente, asunción da identidade nacional propia.

Na identidade nacional galega, coma en todas, cobran importancia o mito das orixes, a historia sufrida e vivida, que precisa ser contada e a lingua. E así que todo este proceso ten que ver co nacionalismo galego. Murguía e os historiadores do XIX víronse apoiados pola épica pondaliana para crear os mitos que prenderían na conciencia popular. O bardo lembraba o pasado glorioso da nación de Breogán. As irmandades da Fala axitadoras conectarían coa sociedade e, creadoras de infraestructuras e canles de comunicación renovadoras, sabían da importancia do teatro para facer ver a historia do Mariscal Pardo de Cela, todos eles irmandiños, e comezar a proclamar un pensamento relixioso, tamén propio, e abatido coa morte de Prisciliano no século IV en Tréveris. Nacían mártires.

Tamén se trasladaba a Galiza o Graal. A xeración Nós e, nomeadamente Otero Pedrayo, sabía que era preciso facelo todo, non podía permitirse o luxo de andar unicamente con novelas e debía ser historiador e político. Escribe o 'Ensaio Histórico da cultura da galega' e sabe que Galiza xa estaba conformada antes de chegaren as aguias romanas, e en 'Os camiños da vida' converte en verdadeiros mártires aos de Carral individualiza a Faraldo. Aínda fai moito máis, crea a Xelmírez, e demostra a continuidade do priscilianismo nos hábitos dos franciscanos, que o abeirarán na súa tumba, exemplifica o ser e o non ser en 'Arredor de si' de Adrián Solovio, de nós e explica o 'Devalar' na fala dos camiños, transmisoras do pasado. Galiza, célula de universalidade, aberta ao mundo, provoca que en palabras de Carballo Calero, Otero tome unha vacacións como galeguista e escriba 'Fra Vernerio', non eran vacacións era situarnos na vella pel do mundo diestiana á que pertenciamos.

Os novecentistas viñeron encher 'A fiestra baldeira' coa asunción da realidade e alí no teatro os mariñeiros e o indiano compartiron o saber popular co mozo aquel que representaba aos do Seminario de Estudos Galegos, nomeadamente, Lois Tobío, que andado o tempo, habería de devolvérnos o saber de que non foron séculos tan escuros aqueles que contaron coa figura do Conde de Gondomar. E Manuel Antonio descubriu a soidade do barco e de nós, actualizada na máis terrible afronta do Prestige, unha vez máis literatura arma literaria. E Castelao construíra desde as 'Cousas da Vida', e rematou un ciclo co Sempre en Galiza, pensamento, arte e literatura que é política. Castelao no desterro, na guerra, no exilio e sempre en Galiza. En 'Memoria de Alexandre Bóveda'. E Castelao escribiu o seu 'Alba de Gloria', 'Santa Compañía dos inmortalis', personaxes poboadoras da conciencia de Galicia como nación. Culminación dun proceso: a nación. Nesa compañía non estaba o nome de Bóveda, a imaxinación de Castelao, vía desde a patria exiliada, unha fogueira en cada cemiterio, no de Pontevedra unha labarada que chegaba ate o ceu. "Era o lumedeo espírito de Bóveda que non figura na Santa Compañía dos inmortalis, porque non pertence á Historia senón a Tradición en arume de Lenda. Bóveda terá de ser nun mañán próximo ou lonxano a bandeira da nosa Redención".

Bóveda non é, en efecto, un personaxe da historia. Entra na literatura dunha maneira diferente, que se preocupou de levalo ás páxinas da literatura sentíao como un contemporáneo, un ser querido, (re)coñecido, irmán, vivo que non inmortal. Bóveda, velaí a historia, aínda agarda, velando, como dixo na súa derradeira carta a Amalia, polos fillos. Tamén por un proxecto. O Alexandre Bóveda, tamén personaxe literario, entronca cos demais Mártires da Patria, mais ten un rostro, un corpo e deixa como a súa derradeira lección: a súa cabeza ferida de morte. Son moitos os textos poéticos que se lle dedican a Alexandre Bóveda, moitos os que o nomean, moitos os que o pensan entre os amigos mortos ou asasinados. Os primeiros feitos desde a Galiza da diáspora, desde a Galiza fisterrá, por razóns lóxicas, foron entrando a partir de finais dos sesenta. Entre os primeiros, salientan a autoría de Seoane, Emilio Pita, Calviño Castro, Delgado Gurriarán (Nadel), etc. En Galiza, Luís Bouza-Brey cada Nadal escribía un poema que imprimía que era o galano para as súas amizades, un deles é o '... Memento para o Nadal de 1965', impresión dunha folla dobrada pola metade, o poema está no que sería a cara dereita interior, precedido nas anteriores dunha 'Panxoliña do longo camiño po-la Fraga', que, lóxicamente, ocultaba a valentía do poema dedicado 'In memoriam de Alexandre Bóveda'. Non hai tempo para detérmolos en todos os que viñeron despois.

O primeiro de grande calidade poética e moi difundido, a través do poemario Ao pé de cada hora (Vigo, colección Salnés, 1967) é da autoría de Salvador García Bodaño, 'No derradeiro mencer de Aleixandre Bóveda', o mozo Salvador, comprometido, que logra coa imaxe da ausencia dos galos, transmitir a profunda soidade e tristeza dos ollos mortos de Bóveda. Poema dun compromiso indiscutíbel e dunha fermosura ferinte, un poema "por tódolos homes mortos/ ao pé dos decámetros". Seguirían despois os de Celso Emilio, Manuel María, os asinados por Heriberto Bens, Daniel Méndez O' Donell, Bárbaro Tomé. Morto o can e instalada a rabia, a partir do 76 seguirían os de: Xosé Sesto López, quen dentro dunha homenaxe a Cabanillas, lembra o piñeiro de Alba onde morre Alexandre; Paz Andrade, Vitor Vaqueiro, Vergara Vilariño, Alfredo Conde, Santos Suárez, Lueiro Rey, que volve facer outro poema e que se pode ler en publicación recente da súa autoría (Edicións Xerais); Méndez Ferrín dedica un poema a Gonzalo Adrio 'Pontevedra' onde o nome de Bóveda, está entre "os mortos non vengados". A poeta Xaquina Trillo, catro composicións dos anos 90, é ate a gora a única muller con poemas dedicados a Bóveda, sabemos que isto vai mudar. O poeta Avilés de Taramancos, escribe unhas "palabras en Soutomaior a Dona Amalia Álvarez, na memoria de Alexandre Bóveda no cincuentenario do martirio" precedido dunha fermosa carta e dunha longa aperta, símbolo da nación soñada e creada, símbolo da política e da literatura. Unha literatura que non é inocente. Como non o é o mellor poemario, acusador e restaurador da memoria, de toda a literatura galega 'Os cadernos da ira' de X. M. Álvarez Cáccamo, alí está Bóveda, alí están todos, de maneira literaria e por compromiso e lealdade, os bos e xenerosos, as rapadas e as que se lle mudou o cabelo en branco. Están os nomes dos asasinados. Está o xuízo literario que adiviña o social e político: os asasinados son culpábeis.

Hai un ha novela do militante do PSOE Manuel Do-



mínguez Benavides, 'La escuadra la mandan los cabos', recuperada para a nosa historia polo labor impagábel de Edicións do Castro, na que A. Bóveda é personaxe principal do capítulo IV 'Verde con sangre', o Bóveda político percorre o mapa de Galiza para desenvolver todo o seu proxecto político. Mátno. A historia continúa por Pontearreas, Mondariz con Luís Soto e Tui. A pintora Maruxa Mallo deixou escrita un aterrorador testemuño 'Relato veraz de la realidad de Galicia', nel lembra a Didio Riobó, Cilio Martínez, Carballeira e, entre outros a Bóveda. Este texto, pasa integramente e, sen ningunha modificación, a formar o capítulo oitavo da obra sobre M. Mallo, de Ana Rodríguez-Fischer 'Objetos extraviados' (Lumen, 1995). Xosé María Álvarez Blázquez, escribe unha biografía, e Xerardo Álvarez Gallego a 'Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda', agora dentro da colección O Fardel da Memoria (A Nosa Terra). Máis recentemente, da autoría de Enrique Acuña temos 'Alexandre Bóveda. Na historia do nacionalismo galego' (Edicións A Nosa Terra) boa mostra da imposibilidade de desgazar o Bóveda na literatura da construción da nación. Nas 'Décadas de T. L', Tobío lembra o carácter práctico e intelixente de Bóveda, amais de explicar o necesario para comprendermos un século da nosa historia. Otero Pedrayo escribiu no 'Libro dos amigos' das horas de Bóveda aproveitadas sen perda de minuto na honra de Galiza... "Escribindo un piñeiral de Pontevedra bota sombras nas cuartillas, deixa escoitar un pranto. Ben saben por quen e por que os líricos pinos da Beiramar". E esta sexa a resposta que os rumorosos procuran, a resposta ao que din: Alexandre Bóveda. (Na foto, Alexandre Bóveda con Amalia na traseira da casa de Poio)

NESTE CENTENARIO DO NACEMENTO DE ALEXANDRE BÓVEDA IGLESIAS, 4-VI-1903, 17-VIII-1936, É UNHA URXENCIA RESCATAR A SÚA SIGNIFICACIÓN HUMANA NA MEMORIA DE OURENSE E PONTEVEDRA, ASÍ COMO NA SÚA ACCIÓN POLÍTICA DE ARTÍFICE DO PARTIDO GALEGUISTA.

Bóveda,

artífece da construción da nación

Francisco Carballo

Neste centenario do nacemento de Alexandre Bóveda Iglesias, 4-VI-1903, 17-VIII-1936, é unha urxencia rescatar a súa significación humana na memoria de Ourense e Pontevedra, así como na súa acción política de artífice do Partido Galeguista. Bóveda Iglesias naceu no seo dunha familia mergullada na emigración e no tramado social ourensán. O pai, Xoán Bóveda Valcarce, emigrou a Bilbao, 1901-1903, era carpinteiro, asalariado primeiro, logo autónomo. Tivo de novo que dirixirse a Buenos Aires, sete anos, volve para afrontar a vida familiar nunha educación dos fillos no traballo e na superación.

A nai, Luisa Iglesias Sánchez, de nenez en acollemento, levou por si mesma un chambo e mantivo con fortaleza a fillos e netos. Mentres Alexandre, con tres irmáns máis que sobreviviron á infancia, respondeu aos desexos paternos con unha entrega ás letras, debuxo, deporte, canto e aos intereses de clase con enerxía e fidelidade. Educouse na casa, no barrio, na praza maior de Ourense, na escola anexa á Normal de mestres, no Círculo Católico Obrero, no fútbol de equipos de barriada, no Oratorio festivo dos salesianos, no Orfeón ourensán. Perito mercantil, ós 17 anos presentouse ás oposicións á Facenda; na segunda volta logrou praza de auxiliar de contabilidade na Delegación de Facenda en Ourense. Bóveda participou no cerne social de Ourense: deportista, empregado de Facenda, cantor, profesor nos Irmáns Villar, inicia antes de 1925 relacións con Vicente Risco, co galeguismo e co agrarismo de "La Zarpa" de Basilio Alvarez. Mais segue a estudar. Opositou de novo á Facenda, 1926; gaña a oposición e obtén praza como xefe de Contabilidade na Delegación de Pontevedra. El soubo unir os intereses de Ourense cos de Pontevedra e con esta solidariedade adveu a patriota galego para liderar a alternativa dunha Galiza nación. De 1927 a 1931, Alexandre Bóveda recibe encargos en Pontevedra e no Ministerio da Facenda. De relevo especial é a súa contribución á mellora administrativa da Deputación provincial con Daniel de la Sota e a creación da Caixa Provincial de Aforros de Pontevedra da que foi o primeiro director. No 30 casa con Amalia Álvarez da familia dos Alvarez Limeses; antes formara na rede galeguista de Castelao, Losada Diéguez, Iglesias Vilarelle, os Fontela e Filgueira.



No magma culto e político da Boa Vila, Bóveda, asume paso a paso, un rol de eficacia e creatividade: nos días da "Dictablanda" forma parte de institucións nacionalistas sucesoras das Irmandades da Fala, 1916: Labor Gallega, Grupo Galeguista de Pontevedra. Sempre ten horas para camiñar e solidarizarse co deporte local como para tender pontes con Ourense, de onde recibe prensa e achega axudas v.g á reconstrucción da biblioteca provincial.

(Na secretaría do Partido Galeguista)

No decembro de 1931, na IIª República, conflúen en Pontevedra os restos das Irmandades da Fala. Os días 5-6 son da fundación do P. Galeguista: o primeiro partido do nacionalismo galego. O froito maduro dunha longa xeira de busca e de atallos. Bóveda firmara a convocatoria desde Labor Galleguista para a asemblea VII das IF que desembocou no PG. Foi secretario de organización. No 1932 secretario político e de novo de organización até a súa morte, 17-VIII, 1936. Deu como pegada da súa personalidade estas tres improntas: eficacia, dun partido de elites a un partido de masas conscientes. En cinco anos pasou de 700 primeiros socios a máis de 4.000 (3.000 na Galiza e o resto na emigración española e ultramarina.) Profundidade: con unha análise técnica da economía do país á elaboración de propostas para o Estatuto de Galiza. Laborou con singular empeño nos anteproxectos de 1931 que se debateron na Coruña e nos de 1932 das asembleas de municipios de Santiago de Compostela. Máis tarde, comentou as propostas económicas para Galiza en arts. en ANT, 1935: un banco da Autonomía, un imposto único e directo, unha fiscalidade progresiva, etc. Beiras Torrado ten subliñado a orixinalidade e converxencia co keynesianismo da económica de Bóveda.

Por fin, sentido de Galiza. Mantivo no debate do Estatuto, 1932, en Santiago unha alta polémica con Montero Díaz sobre a oficialidade da lingua galega. Un triunfo inesperado da dialéctica de Bóveda: a lingua propia significa e fai pertenza e solidariedade. Non é factible un desenvolvemento do país sen unha cultura desde as raíces que nos faga capaces de internacionalismo.

Alexandre Bóveda mantivo ao través de conferencias por toda Galiza e de artigos de prensa polémicas brillantes cos inimigos da solución nacionalista de Galiza: para el resultaba imposible a saída do desequilibrio social deste país sen a madurez que consegue articular unha nación con relacións libres no só con todos os pobos da península Ibérica senón cos de máis aló dos Pireneos e de Europa: é preciso un confederalismo universal na igualdade e desde a diversidade. Con estas premisas políticas non é de estrañar a resonancia máis aló dos límites galegos da personalidade de Bóveda. Por iso foi desterrado a Cadix no 1934. Puido volver no 1935 e levar a cabo o seus traballos de familia numerosa, xefe de Fazenda, secretario do PG, "motor de explosión" do partido, candidato a Cortes, 1936, até lograr que o 28-VI-1936 fose plebiscitado o Estatuto e gañar tal requisito.

Xullo de 1936. Todo estaba amañado nas "cavernas" da intransixencia militar e dereitista española. Alexandre Bóveda sabía que non había conspiracións socialistas, nin comunistas, nin anarquistas contra a República burguesa. Non podía sospeitar tanta mala entraña nos adversarios ás correntes liberadoras para que se asañasen coa morte dos honrados loitadores pola mellora da sociedade galega. O 17 de agosto de 1936, logo dun xuízo ao fío das ordes de fusilar a cantos non colaborasen brazo en alto coa sublevación, Alexandre Bóveda deixou-nos: "O mozo máis lúcido e inocente de cantos coñecín (B. Alvarez), a bandeira da nosa redención (A.D.R. Castelao), a proba eterna da inxustiza de grupos humanos psicópatas. Aos cen anos de nacer, Bóveda está en Pontevedra e Ourense cos seus familiares e con nós e convídanos ao honor e á dignidade.



Na páx. 8: Bóveda nunha homenaxe da Asociación galega de contabeis no 1932. Nesta páxina e de arriba a abaixo: nun mitin en ourense no 1936, en Lugo na praza maior, cun moganiño e a súa dona Amalia Álvarez e a súa tarxeta do ferrocarril do 1936



Bóveda

e o Estatuto de Autonomía

Uxío-Breogán Diéguez

10 | **r d l**
Galicia Hoxe 27/11/03

Entre o 5 e 6 de decembro de 1931 constituíase en Pontevedra, no marco da VII Asamblea Nazionalista, unha formación política que pretendía aglutinar aos grupos galeguistas que operaban até o momento no noso país. Un partido político que, baixo o denominador común do recoñecimento para Galiza do feito nacional, axuntara esforzos, salvando diferencas puntuais, no marco dun novo e recién nado sistema xurídico-administrativo: a IIª República proclamada o 14 de abril 1931. Unha formación política que co seu nacemento representaba a organización do nacionalismo galego nun partido propiamente dito; é dicir nunha formación política que contaba cuns estatutos a respeitar por toda a militancia, cunha dirección partidaria única, así como cun programa e unha declaración de principios propios. Plasmábase esta realidade na editorial d' A Nosa Terra, voceiro na altura das Irmandades da Fala:

"...Hoxe xa o galeguismo acadou unha unión ausoluta, unha dirección única, un programa moderno y avanzado e unha disciplina (...). Homes de diversas tendencias políticas relixiosas que coinciden en apreciar de igual maneira o problema político da nosa terra e axúntanse baixo unha maneira común, a bandeira da redención galega..."

Certamente, esta organización era o Partido Galeguista (PG), formación que tomaba o nome do 'Partido Galeguista de Pontevedra', impulsado e fundado, logo da súa chegada á cidade do Lérez, por Alexandre Bóveda xunto a Pedro Basanta, entre outros como Daniel Castelao. Lois Tobío, Xosé Núñez Búa, Vicente Risco, Valentín Paz Andrade, Álvaro de las Casas e Ricardo Carvalho Calero formarían parte do primeiro Comité Executivo da nova organización nacionalista. Xunto a eles, outravolta, o propio Pedro Basanta e Alexandre Bóveda, presidente e secretario xeral, respectivamente, da nova formación política. Daniel Castelao non estaría no máximo órgano de dirección dada a incompatibilidade que marcaban os Estatutos do partido entre formar parte dun organismo partidario de dirección e ocupar un posto institucional de representación do partido, caso do rianxeiro. Esta dirección, tendo a representación pública da formación, ficaba encargada de veiculizar os acordos tomados na asemblea constituínte de Pontevedra e botar a andar proxectos no período inter-aseamblear consonte o espírito destes acordos. Entre as propostas que desde os seus inicios terá na súa axenda o PG, estará a aprobación para Galiza dun Estatuto de Autonomía que garantira os dereitos nacionais do noso país no marco dun Estado español federal; un Estatuto que contribuíra á millora das clases populares, da maioría social do país, no marco dunha Galiza ceive. A campaña pro-Estatuto artellaríase inicialmente por parte, dunha banda, dos rexionalistas da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) de Casares Quiroga e doutra dos nacionalistas, inicialmente nucleados arredor das Irmandades e, ao pouco, do PG. Á altura do 4 de xuño do 1931, cando Alexandre Bóveda cumpría 28 anos, desenvólvese na Coruña a xuntanza que, baixo iniciativa da Federación Republicana Gallega (F-RG-ORGA), dá cabida a rexionalistas e nacionalistas e pretende dar como resultado un anteproxecto de texto estatutario base para encetar discusións sobre

o marco estatutario. Unhas discusións que na propia asemblea se suscitan a partir da confrontación que se establece entre tres proxectos previos de Estatuto, a saber: Bases para un proxecto de Estatuto Gallego, Proxecto de Bases e Anteproxecto de Estatuto da Galiza. O primeiro texto era da autoría do Secretariado de Galicia en Madrid, o segundo do Instituto de Estudios Gallegos coruñés e o último do glorioso Seminario de Estudos Galegos (SEG). O debate dá como resultado uns acordos mínimos, mais o feito de que só se dera cita na asemblea militancia da ORGA e do galeguismo, deslexitima, por minoritaria asistencia, a proposta a facer e salda en fracaso o xuntoiro, en terminoloxía da época.

Aínda así, o certo é que o debate serviu para que a estomara dimensión social, posto que das propostas levadas á asemblea, publicáronse notas de prensa e comentarios, para alén de actos públicos de presentación, a partir dos cais a poboación reflexionaba sobre a autonomía. Doutra banda esta xuntanza fixo que organizacións, entidades e persoas que non estiveron na mesma, se pronunciaran após a súa celebración sobre a necesidade ou non dun Estatuto para Galiza, cousa que non ficaba, nen moito menos, clara a nosa cidadanía. É de destacar, no tocante aos proxectos presentados á devandita asemblea, o que redixiu a "seición de cenizas sociaes, políticas i-económicas" do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Un proxecto realizado non para xustificar feitos, como a personalidade nacional da Galiza, nen lembrar que a nosa nación foi "... próspera i-europea antes de realizada a inxusta uniformidade nazional que padecemos, senón [para] saber si (aínda ca vagaxe grandemente gravosa que temos d-herdar d-unhos cantos séculos de centralismo), o réximen de autonomía integral que propoñemos nos convén, ou non..."

Os autores do anteproxecto: Valentín Paz-Andrade, Vicente Risco, Lois Tobío, Ricardo Carvalho Calero e Alexandre Bóveda, souberon perfectamente da conveniéndia do Estatuto logo dos resultados do traballo realizado por este último. Bóveda, lector d' O Capital de Karl Marx e da obra de John M. Keynes, viña de atrás realizando estudos, a partir dos seus coñecementos de contabilidade e economía, arredor do que aportaba en impostos Galiza ás arcas do Estado e do que este invertía na Galiza. Estes seus coñecementos e traballos lévano a demostrar con cifras a desfavorábel relación económica do país co Estado español nun traballo rigoroso que precede ao articulado estatutario. De tal xeito que a conclusión económica á que chegan os cálculos de Bóveda, sinalaban que Galiza aportaba a España 8.687.551 pesetas máis que o que España aportaba ao noso país. Esta conclusión será esencial á hora de reclamar a autonomía para Galiza, conceito este de autonomía que, para non dar pé a malas interpretacións, non tiña nada que ver co significado actual deste, de tal xeito que se fala en todo momento por parte dos nacionalistas dun Estado galego, tal e como veremos.

O anteproxecto do SEG constaba de sete títulos sendo o primeiro o intitulado, precisamente, 'Do Estado, territorio e cidadáns da Galiza' que encetaba cun artigo primeiro no que se podía ler "A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española".

Desde este intre podemos aseverar que Bóveda estará presente, sendo peza fundamental, en todo o deseño e desenvolvemento do proceso de elaboración e final redacción do Estatuto de Autonomía da Galiza. Despois desta asemblea celebrada na Coruña, desenvólvese outro intento fallido de elaborar un Estatuto que fora consensuado pola totalidade das partes implicadas. Da man dos deputados galegos na cámara baixa do Estado, da denominada minoría galega, o sector republicano e galeguista destes, representado por Antón Vilar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Lois Peña Novo, Emilio González López, Ramón Otero Pedrayo e Daniel Castelao, promove no 12 de xullo un novo texto a partir dunha xuntanza que se desenvolve, outra volta, na Coruña. Logo desta reunión, na que non se chega a acordo sobre texto algún, decídese desenvolver outra xunta en Madrid que será seguida doutra desenvolvida, tamén na villa y corte, o 15 de outubro. Desta última reunión é froito un texto no que a grande parte das propostas dos galeguistas, en minoría, desbótanse. Este resultado derivaba do intento de integrar no proceso de redacción do Estatuto galego, para que este cobrara lexitimidade, aos deputados de ideario conservador electos polas circunscricións galegas. A dirección do Partido Galeguista de Pontevedra, nunha nota asinada por Pedro Basanta e Alexandre Bóveda sinala: "...Iste Comité considera (...) unha obriga decrar (...) con toda lealtade, que como no (...) proyeito apenas foron recollidas algunhas das nosas arelas, o Partido Galeguista non renuncia a seguir loitando, con mais pulos aínda, pol-o trunfo de todas as que integran o seu programa, nin pode comprometer a súa inteira liberdade de fiscalizar a xestión dos que no seu día sexan chamados pol-o pobo a rexir os destinos de Galiza".

A partir deste intre iníciase unha paréntese no proceso estatutario que na práctica representa a conxelación do mesmo. Pasan os meses e non se albisca ac-

to galego (...) será pronto un feito".

A partir destas verbas de apertura encetouse o debate arredor de qué modelo de Estatuto era o máis acaído para o país. Era necesario un novo texto? Ou, pola contra, aceptábase algún dos textos xa redixidos? Finalmente acordouse chegar a un texto estatutario resultado dos distintos modelos presentados o ano anterior, un texto de carácter transaccional que harmonizando, en palabras de López Pol, as diversas tendencias e informándose estritamente na Constitución, recollera o resultado da experiencia parlamentaria acumulada co Estatuto catalán.

Para este traballo nomeouse unha comisión parida desta asemblea. A comisión encargada da nova redacción do Estatuto estaba formada por Salvador Cabeza de León, presidente, Enrique Rajoy Leloup, secretario e os vogais Manuel Iglesias Corral, Eladio Rodríguez González, Manuel Lugris Freire, Jacobo Arias, Avelino López Otero, Rodrigo Sanz López, Santiago Montero Díaz e Alexandre Bóveda. Esta comisión remataría o 4 de setembro o traballo para o que fora creada.

Apresentaba este novo texto cambios, forzosamente necesarios, sobre o proxecto de máximos defendido polo nacionalismo. Xa non se falaba da Galiza como un "Estado libre dentro da República Federal Española" senón que pasaba a ser Galiza "una región autónoma dentro del Estado español". Así mesmo, entre outros cambios, e se ben no proxecto do SEG equiparábase en rango o idioma galego ao español e se marcaba como indispensable o seu coñecimento para o exercicio da función pública no país, o certo é que isto último ficaba como unha recomendación no texto agora redixido. Estas concesións hai que ter presente que viñan dadas pola necesidade obxectiva do Estatuto para Galiza ao ver do PG e, por extensión, do nacionalismo galego naquela altura. Esta organización, cunha feble base social no momento (en que contaba o PG con menos de 1.000 militantes



tividade oficial pro-Estatuto. Chega a primavera do 1932 e, baixo a iniciativa de Alexandre Bóveda, secretario de organización do novo Partido Galeguista e Enrique Rajoy Leloup, edil do concello compostelán, o 19 de abril Raimundo López Pol, alcalde de Compostela, chega ao convencimento de reactivar o proceso estatutario. Nesta orde de cousas a cámara municipal compostelá, recollendo a suxestión de Bóveda e Leloup e a decisiva actuación do alcalde López Pol, aproba, con data 27 de abril, convocar unha xuntanza en Compostela de todos os concellos do país para debatiren arredor do que tería de ser o texto definitivo do Estatuto de Autonomía. Após desta convocatoria e a adhesión da maioría dos concellos de Galiza a esta iniciativa, márcase data para o desenvolvemento dunha xuntanza preparatoria da que logo será denominada Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto, asemblea esta que representaría o último degrau diante do proceso de redacción do articulado do Estatuto. Tres eran os puntos a tratar da orde do día:

- Proxecto de Estatuto que había de ser submetido, como ponencia, á Asemblea de concellos.
- Regulamento da Asemblea.
- Organización da propaganda do Estatuto

Esta xuntanza preparatoria, representativa dos elementos políticos, administrativos, económicos e culturais que constituían a vida social da Galiza na altura (4), desenvolverase o 3 de xullo de 1932 no Paraninfo da Universidade compostelá. Encetaba ás once da mañá esta asemblea coas seguintes palabras de Raimundo López Pol:

"Señores, por ter sido esta Comisión a que vos convocou aquí, diríxome a vós no seu nome para vos agradecer o entusiasmo co que tedes correspondido ao noso convite. Tamén vos dou as grazas en nome da nosa Terra porque viñades comezar a labor redentora, a organizar o noso Estatuto; para que a Terra sexa libre (...) adiantome a asegurar que o Estatu-

diante da súa fundación), sabía perfectamente que a adopción dunha posición maximalista no tocante á autonomía, só podía dar como resultado quer a aprobación dun Estatuto que refrendara definitivamente o centralismo estatal, respaldado por unha mínima autonomía administrativa, quer a parálise definitiva do proceso estatutario no marco do novo sistema xurídico-administrativo, a República, aínda en vías de consolidación.

O PG, como non podía ser doutro xeito, apostou por este último texto, sacrificando puntualmente parte das súas propostas; texto que sería publicado en distintos xornais, caso de 'El Pueblo Gallego', 'A Nosa Terra', 'La Vanguardia Gallega', 'Heraldo de Galicia', 'La Voz de Galicia', 'El Ideal Gallego', 'El Eco de Santiago' e 'El Compostelano'. A partir deste momento calquer representante lexítimo dos concellos, partidos políticos e institucións do país podía presentar emendas. Estas emendas irían todas a parar a Alexandre Bóveda quen, dunha banda, lles daría unha orde temática, para logo seren discutidas no plenario da asemblea de concellos, e doutra preparaba, fronte a estas, as argumentacións para a defensa da ponencia oficial. Era preciso canto antes aprobar o Estatuto. Logo xa se camiñaría na súa consolidación para logo camiñar cara a ampliación do teito autonómico. Neste contexto Bóveda amósase optimista sobre o ritmo do proceso. En carta a Rajoy Leloup á altura do 11 de novembro indica o seguinte:

"Vexo que a causa sigue marchando moi ben e que vós se topa c-uns azos que animan e consolan".

Uns días antes, concretamente o 1 de novembro Raimundo López Pol, alcalde de Compostela, Xaime Quintanilla, alcalde de Ferrol, Manuel Iglesias Corral, alcalde d'A Coruña, José Correrros, alcalde de Lugo, Antonio Álvarez Dopazo, alcalde de Ourense, Bibiano Fernández Osorio-Tafal, alcalde de Pontevedra, José Novo Rodríguez, alcalde de Betanzos, Germán Rego González, alcalde de Mondoñedo, Jacinto Fernández

Lago, alcalde de Tui, Francisco Álvarez Xesteira, alcalde d' O Carballiño, Jacinto Fernández Lago, alcalde de Lalín e Germán Vidal Barreiro, alcalde de Noia, convocaban a todos os concellos da Galiza á Asemblea (a través do chamamento/convocatorio Aos Concellos da Galiza) na que se daría por aprobado o articulado estatutario que tería de ser submetido en plebiscito diante do pobo galego. Previamente á devandita convocatoria e xuntanza, desenvolveranse diversos actos que pretendían conciliar as distintas posturas que había no país en relación á cousa autonómica e consensuar o texto definitivo de Estatuto. Neste senso, unha vez recibido nas corporacións municipais o chamamento Aos Concellos de Galiza, sería debatido nos plenos municipais. Parello a isto Alexandre Bóveda remataba o seu traballo coas emendas a finais de novembro, segundo indica nun telegrama enviado a Enrique Rajoy Leloup. A partir deste momento só restaba agardar pola celebración da Asemblea de Concellos.

(Asemblea de Concellos Pro Estatuto)

O 10 e 11 de decembro de 1932 desenvólvese en Compostela a II Asemblea Nacional do PG. Nesta asemblea distintos puntos foron tratados mais a cuestión estatutaria foi a que máis tempo ocupou nos debates; de tal xeito que nas conclusións programáticas recollidas polo PG nun cadernoño apontábase que "... o Estatuto é a meirande preocupación d'estas horas críticas...". Efectivamente, se houbo un partido político preocupado pola marcha do Estatuto e que traballara sen descanso pola súa consecución, ese foi o PG e, detrás do Partido, cumpre insistir, particularmente Alexandre Bóveda. O sábado 17 de decembro de 1932 encetaba ás doce e media da mañá, logo dun retraso de hora e media, a sesión inaugural da Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto. Ao longo de tres días debateríase arredor do texto estatutario que o noso pobo acabaría plebiscitando. Xaime Quintanilla, alcalde de Ferrol, nomeado presidente da Asemblea, non faría o propio por baixa médica e sería substituído por Bibiano Fernández Osorio-Tafall, alcalde de Pontevedra. Tafall encargábase da apertura da asemblea. En nota xornalística apresetábanse as primeiras horas do 17 de decembro en Compostela do seguinte xeito:

"Desde las primeras horas de la mañana se advirtió una desusada animación en toda la ciudad. Casi todas las casas lucían colgaduras respondiendo a la invitación que hizo el señor Alcalde en su circular de ayer. A diez de la mañana recorrió las calles la Banda de Beneficencia ejecutando algunas de sus más escogidas partituras. Casi en todas las calles había rotuletas dando la bienvenida a los asambleístas y exaltando el amor a Galicia". Era un ánimo que parecía augurar a boa nova. En xeral foi unha asemblea de grande debate, en canto temática e duración, na que Galiza, representada a través dos seus concellos -227 con representación, dun total de 319-, se xogaba o seu Estatuto. A expectación e relevancia era tal que os debates da asemblea radiáronse para a comunidade galega en América do Sul.

Só dúas cuestións levantaron o ton dos asambleístas. Unha destas cuestións sería a cooficialidade do galego e o español, e a outra a capitalidade da Autonomía. A primeira combatida a través dun voto particular por Santiago Montero Díaz, bibliotecario da Universidade compostelá, no que facía desaparecer o inicio do punto 4º do anteproxecto de Estatuto no que se dicía "serán idiomas oficiais na Galiza, indistintamente, o castelán e o galego". Montero Díaz escudábase, para defender esta supresión, no suposto descoñecemento xeral do galego entre a poboación e a falta dunha normativa que unificara o idioma ortograficamente á hora de utilizar oficialmente con coherencia e homoxeneidade. Bóveda, convencendo a maioría dos asistentes, defendeu a Ponencia de xeito contundente afirmando que:

"...se non se recoñece a cooficialidade, todas as xentes do agro e do mar terán do galego a mesma idea que tiveran até agora, é dicir, dunha cousa que non se debe empregar e que está por baixo doutras", acrescentado que "...a unificación do galego está elaborándose e que nada de particular ten que despois de ser vencido o noso idioma, máis aínda que polo rádio do castelán, por un centralismo imperialista de catro séculos que perseguía ao idioma, pode este sufrir unha crise de diferenciación na escrita, mais isto xa o está salvando a Academia Galega".

Aliás, a cuestión da capitalidade foi problemática aínda que menos ca do idioma. Téndose proposto Compostela como capital da Galiza, o alcalde da Coruña, Manuel Iglesias Corral, propuña a cidade herculina como capital da futura Autonomía. Diante deste debate, Iglesias Corral marcha da

assemblea mentres Bóveda argumentaba con toda serenidade en defensa da Ponencia convencendo aos asistentes. A saída de Iglesias Corral produciu, con toda lóxica, grande escándalo. Finalmente subscribíse un acordo entre o Partido Galeguista e o Partido Republicano Gallego, extensivo para o conxunto de formacións políticas presentes na asemblea, que se baseaba no aprazamento da elección da capital galega.

Finalmente, e salvando estas disensións minoritarias, apróbese o 19 de decembro o Estatuto de Autonomía pola Asemblea de Concellos cun apoio de 209 cámaras municipais do total de 227 representadas. Todo un éxito do que Alexandre Bóveda tivera grande responsabilidade, como redactor, representante e defensor da Ponencia oficial. Tal e como se ten asinalado, na Asemblea de Concellos "... discutíuse, artigo por artigo, a Ponencia formulada pola Comisión de técnicos, producíndose debates acalorados e de grande outura, nos que se puxo de manifesto a vontade férrea e o talento luminoso de Bóveda, herói daquelas xornadas".

Logo da asemblea a ledicia que sentían todas as persoas que contribuíron ao bon desenvolvemento do acto era plena. Editoriais, volantes e cartaces, entre outros medios, foron utilizados para expresar esta ledicia e transmitir ao conxunto da nación o feito histórico que representaba a aprobación do articulado estatutario. Podíase ler nun periódico do momento nada sospeitoso de nacionalista:

"Ya tenemos Estatuto. Ya Galicia dió su primer paso para su liberación del yugo centralista y se dispone a plebiscitar su Estatuto".

Ficando o texto estatutario xa redixido, só restaba ser sometido a plebiscito popular. Aínda que se propuxera a celebración do plebiscito para o 1933 (en decreto do 27 de maio deste ano outórgaselle ao Comité Central da Autonomía o poder para fixar a data do plebiscito), a chegada das dereitas ao goberno español tras as eleccións de novembro dese ano, fai que se retrase o plebiscito. Aliás, e sendo resultado do mesmo, Daniel Castelao e Alexandre Bóveda, funcionarios do Estado español, son desterrados en 1934, a Badajoz e Cádiz, respectivamente, como represalia do Estado aos dous militantes máis representativos do nacionalismo galego no momento. Aínda así Castelao e Bóveda, con algún permiso e aproveitando vacacións, achegáronse ao país para participaren en actos do Partido.

En febreiro de 1936, e tras o acordo do PG de concorrer na candidatura Frente Popular (FP) ás eleccións a cámara baixa do Estado, a cambio da desconxelación do proceso autonomista e de se plebiscitar, en consecuencia, o Estatuto galego, a FP gaña as eleccións e, como non podía ser doutra forma, márcase data para o plebiscito. O 28 de xuño do 1936. De febreiro a xuño unha chea de mítins e conferencias se desenvolven por parte do PG para amosar a importancia e necesidade do Estatuto. Alexandre Bóveda, xunto a Víctor Casas, Lois Tobio, Castelao, Ánxel Casal, Osorio-Tafall, Álvarez Limeses, Isaac Díaz Pardo, Camilo Díaz Balino, Avelino Pousa Antelo e Francisco Fernández del Riego, entre moitos outros demócratas e galeguistas, traballan arreo nesta campaña de propagando do Estatuto de Autonomía. O 28 de xuño chega o grande día e os resultados (recollidos no número 420 d' A Nosa Terra, correspondente ao 4 de xullo do 1936) falan por si mesmos: 991.476 votos favorábeis Estatuto, 6.085 votos contrarios e 1.378 votos en branco. Trás estes exitosos resultados a alegría durou pouco.

O 17 de xullo de 1936 as tropas españolas destacadas nas colonias do continente africano sublévanse contra a legalidade republicana. Días máis tarde Galiza na súa maior parte fica ocupada. Desde o inicio da sublevación Alexandre Bóveda, xunto a Víctor Casas e José Ádrío Barreiro, entre outros, fica en Pontevedra defendendo a legalidade republicana até o día da súa detención, o 20 de xullo. Unha detención que non se realiza exclusivamente pola defensa que realiza Bóveda da orde republicana senón pola súa traxectoria de compromiso co proceso de autodeterminación da Galiza e a defensa das liberdades do noso país. Máis concretamente a súa aportación definitiva ao trunfo do Estatuto.

Depois de pasar por distintos cárceres e, mesmo, antes de ser xulgado o 14 de agosto térselle intentado aplicar a lei de fugas, Bóveda é asasinado na madrugada do 17 de agosto de 1936 na Caeira; sendo soterrado, malia a negativa das autoridades subversivas, con a bandeira galega xunto o seu corazón (el pedira ser envolto na bandeira galega). Coa morte de Bóveda asasináase a liberdade da Galiza e ráchase co seu proceso de autodeterminación por moito tempo, representado na altura pola forte organización do galeguismo (con máis de 5.000 militantes no 1936) e o triunfo do Estatuto o 28 de xuño, refrendado pola maioría da nación galega.

Bóveda e a Deputación

X. L. Bóveda Álvarez

Alexandro Bóveda Iglesias chega a Pontevedra no ano 1927, con vintetrés anos de idade, pois nacera en Ourense o día catro de xuño de 1903. Aprobara a oposición do Corpo Pericial de Contabilidade do Estado para o Ministerio de Facheira. Sacou o número cinco das dez prazas da Convocatoria e tomou posesión na Delegación de Facenda de Pontevedra, como Xefe de 4ª Categoría (no ano 1933 acadaría a de 1ª), responsabilizándose da Xefatura de Contabilidade da Delegación, único posto vacante daquela na súa categoría.

No mes de novembro é comisionado polo Ministerio para formar parte, como técnico, da 5ª Comisión de Valoracións da Compañía Arrendataria de Petroleos, traballo que se remata no comezo do mes de febreiro de 1928.

É, xustamente, ao se reincorporar ao seu posto, un ano despois da súa toma de posesión, cando recibe o recado de don Daniel de la Sota y Valdecilla, presidente da Deputación pontevedresa, que lle manifesta grande interese por manter contacto con el; Bóveda visita a La Sota e comenza deste xeito unha relación que había durar dous anos e que resultou verdadeiramente positiva para os intereses de Pontevedra. Non tanto pa-

ra Bóveda. Trátase, inicialmente, de poñer en marcha un Servizo na Deputación que permitira a adecuación do cobro das Cédulas Personales pola propia Deputación, por así dispoñelo a nova normativa recadatoria do Estado que dispón que se faga dita recadación polo organismo provincial, substituíndo aos Concellos que o viñan facendo anteriormente.

Bóveda analiza o tema e, aproveitando as súas vacacións, accede a viaxar a Cataluña, a Barcelona preferentemente, para estudar alí a estrutura destes Servizos. No mes de agosto deste ano 28, entre os días seis e vinteito, logo dunha viaxe na que chega a Madrid cunha enterocolite producida por unha bebida no paso por León que a pouco lle impide achegarse a Barcelona. Alí foi tratado polo doutor Balcells, a quen, casualmente, ía recomendado por don Fernando Filgueira.

De volta a Pontevedra, Bóveda fai un rigoroso prantexamento do que debe ser unha Oficina Recadatoria Provincial, que a Comisión Provincial presenta ao Pleno e que é aprobado.

Máis tarde, Bóveda propón ao persoal que ten que atender esta Oficina, e, en primeiro lugar, nomea a Armando Ro-

dríguez Acosta como segundo seu fidel compañeiro de traballo que será Xefe de Contabilidade e Subxefe do Servizo de Cédulas. Este amigo entrañable, amigo da infancia, habería de ser, inmediatamente, un elemento importante na Caixa de Aforros pontevedresa.

Porque Bóveda, no ano seguinte, a instancias de don Daniel de la Sota, estuda a conformación de Caixa de Aforro en Cataluña, no País Basco, no centro da Castela (Burgos, Zamora) para conformar unha Entidade de Crédito que no seu concepto levaba inxerida a dinámica do pensamento economicista do noso biografiado. Avanzado o ano 1930, Bóveda, consciente da distinta forma de pensar dos responsables políticos provinciais, abandona os cargos que lle foran encomendados, e, dun xeito natural, segue no seu posto de Xefe de Contabilidade da Delegación de Facenda de Pontevedra. Caera xa don Daniel de la Sota e Valdecilla e deturpárase o Servizo de Cédulas que Bóveda argallara. A Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, por mor de circunstancias racionalmente respectadas, seguiu adiante, e, según eu coñecía, de xeito marabilloso, deica os tempos que estamos a vivir.

rcl | 13
Galicia Hoxe 27/11/03



Unha foto, aínda nunca publicada e facilitada polo fillo de Bóveda, Xosé Luis Bóveda, dos antergos de Alexandro Bóveda. A ilustración da páxina 14 é un gravado de Luis Seoane



O crime perfecto

X. Carlos Garrido Couceiro

Cando oímos falar do fascismo véñennos á cabeza os uniformes das SS, as cruces gamadas, as botas de coiro negro.... Son clixés que nos axudan a identificar este fenómeno do mesmo xeito que nos impiden entender o proceso moito máis profundo e complexo que o provoca. O fascismo, minoritario neste tipo de expresións estereotipadas, só ten éxito cando existe unha grande masa social neutra e permisiva que mira para outro lado. Pais de familia, cortesés e afábeis que non teñen nada que obxectar ao exterminio dun segmento social e que conseguen dalgún xeito delegar nestes grupos de choque ou nos aparatos do Estado, a execución de moitos dos seus desexos máis inconfesábeis. En moitos casos, nun momento de exaltación ou de xeito frío e calculado, ata o máis educado cidadán se atopa formando parte dun pelotón de fusilamento e disparando contra un Alexandre Bóveda; mesmo é posíbel que algún que aperte o gatillo comparta e defenda as mesmas ideas que a vítima pero que nese momento as teña temporalmente suspendidas, porque verdadeiramente, o fascismo, máis que un ideario é a ausencia de todo compromiso teórico, un cheque en branco, un cravo ardendo, unha corda que canto máis firme nos ata máis seguro nos fai sentir ao saltar ao baleiro. Pero sobre todo, o fascismo é tirar a pedra e esconder a man.

Se reconstruímos o caso Bóveda e pretendemos atopar un culpábel, tropezamos cunha responsabilidade tan desdibuxada que semella presentárenos coma unha catástrofe natural cando sabemos que aconteceu por obra de vontade humana. Se houber que acusar a alguén, poderíamos limitar o rango aos que dispararon, aos que deron a orde, aos que fixeron a parodia de xuízo... aínda así todos os directamente implicados poderían alegar que recibían ordes, que non se terían comportado dese xeito se non fora no marco dunha guerra que eles non causaron. As circunstancias atenuantes e mesmo eximentes, libraríalles de toda culpa. Ao fin, Bóveda foi asasinado e ninguén pagaría por isto porque naquel entón, matar era gratis e dun réxime que era xuíz e parte, non cabería agardar reparación da inxustiza cometida.

A esta situación, na que a pena capital é administrada cunha lóxica burocrática que fai difícil atopar a verdadeira intencionalidade dos autores, non se chega casualmente aínda que tamén se presente como produto inevitábel da idiosincrasia peninsular. Non se tería producido a inmoliación do dirixente nacionalista se non for porque se construíron as condicións para que esta quedase impune. O móbil do crime é obvio e a quen favoreceu a súa morte, tamén. Pero esta non se levaría a cabo se lles tivera custes aos adversarios políticos que defendían intereses antagónicos dos que el representaba.

Non abonda con dicir que a súa execución se explica polo seu compromiso coa causa galega, por ser un cadro indispensábel da auto-organización do país... pois esta foi posíbel mercé a crear a oportunidade para que este acto, en vez de ser tipificado como un delito, fora concibido polos seus autores como unha resolución administrativa e viran cubertas as costas e tranquilizada a súa conciencia. En definitiva, Bóveda non sería asasinado se non se crearan dúas condicións que explican por unha banda que os verdugos se decidiran a levar adiante a súa acción e pola outra que Alexandre optase por renunciar á súa salvación individual e mesmo vira neste feito unha ocasión para ratificar as súas teses políticas. E na medida en que a lexislación excepcional coa que se investiu de legalidade o homicidio naceu dun determinado contexto que nos remite aos responsábeis de xerar dito estado de opinión que fixo posíbel a impunidade e que coincide cos detentadores do poder que lle quitou a vida a quen encabezaba a dirección do movemento de autogoberno do país; podemos dicir que esta execución non é un axustizamento senón a perpetración dun auténtico crime con premeditación, nocturnidade e alevisía.

(Premeditación)

Se por isto entendemos pensar reflexivamente unha cousa antes de executala, o pensamento español hexemónico personalizado en figuras como Unamuno ou Ortega tiñan teorizado sobre a cuestión "rexional" nuns termos que non deixaba lugar a dúbidas sobre a concepción da diversidade como enfermidade que había que extirpar no caso de que se agudizara o seu cadro clínico. O paradoxo é que se presentaban desde unha posición de forza moral porque os sostiñan a máxima da tolerancia como fórmula de ir soportando a heteroxeneidade como bondadosos pais de familia que estaban chamados a vertebrar baixo a súa autoridade aos diferentes fillos inmaturos e rebeldes que abranguía os seus dominios. Pero esta idea de tolerancia implica primeiro a consideración dos outros como desprovistos de dereitos que cada vez que reclaman algo que non lles corresponde, non fan senón molestar, e segundo, que existe a supremacía dun pobo, dunha cultura, dunha lingua, dunha raza ou do que sexa que representa un centro baixo a idea de que eles son o todo mentres que os demais só son partes, reclamando a subordinación das partes. Destas dúas ideas se deriva que a tolerancia ten un límite e que ese límite é o centro quen o determina discrecionalmente.

(Nocturnidade)

Non se defendía claramente e a plena luz do día a tese do Estado Centralista e Imperial. Algo que a primeira vista podía causar reco. Mesmo as forzas estatais se daban de federalistas e a constitución se lle dicía federábel. Nin-

guén ousaba a opoñerse ao Estatuto de Galiza pero todos o adiababan na súa axenda eternamente. No canto de recoñecer a realidade existente, os estatutos íanse outorgando a segundo foran facendo forza as diferentes comunidades, reforzando así a idea dos pedichóns incordiantes e establecendo agravios comparativos entre as distintas nacionalidades (decreto de bilingüismo só para Cataluña, Generalitat por decreto,)

Así pois, tendo en conta a diversidade do Estado e os distintos intereses en liza no canto de recoñcelos e canalizalos formalmente para resolvelos de xeito pacífico, o que se fixo foi tapalos hermeticamente como unha ola de presión para que estouparan de xeito violento e a legalidade vixente fóra substituída pola lei do máis forte no marco da cal o enfrontamento se resolvería obviamente a favor dese Centro Imperial que sempre se alimentou disimuladamente e para o que sempre traballaron de xeito oculto pero real os chamados "autonomistas" ou "federalistas" dos partidos republicanos estatais, e que agora xa se mostra a cara descuberta, desde unha posición de forza polo nacional-catolicismo que releva a estes na defensa da mesma estrutura dun Estado piramidal e xerárquico fundado sobre a desigualdade.

(Alevisía)

Hai unha intención clara de descabezar o país de xeito exemplar. Non era necesario para a toma de poder nin para unha rápida victoria militar o asasinato de persoas como Alexandre Bóveda, pero o que eles chamaban "asegurar a retagarda" tiña un fin estratéxico moito máis alá da contenda. A formación dunha xeración de cadros políticos capaz de dirixir un país de xeito patriótico, isto é, antepoñendo o beneficio colectivo á carreira persoal, pode ser cousa de séculos. Pero ao eliminalos non só se lle dá para atrás ao reloxo no referente ás elites, senón que o empoderamento da xente que se chegou a sentir capaz de valerse por si propios e a afouteza para non temer ao cambio e ao novo, desaparecen da sociedade, e o medo, o terror, interiorízase por xeracións en toda a poboación persuadíndos de volver a "meterse en política". Por isto a Bóveda, nese panorama, non lle quedaba outra que utilizar a súa propia morte para soste as súas teses, tal como acreditan as diferentes testemuñas. A fuxida non era unha opción porque a reconstrución do nacionalismo precisaba facerse sobre a base de que o fracaso da auto-organización do país non era debido ao apoucamento e incapacidade inherente dos galegos para gobernarse, senón á brutalidade allea para esmagar a súa liberdade.

Bóveda sabía que baixo a represión, a organización e o corpo se acochan, e a tentación é mesmo disocialos das ideas e da mente. O corpo e a organización son unha carga pesada da que todos se pretenden desprender para que non teñan por onde coller, pero a clandestinidade esixe fortes lazos informais, unha glándula pineal que manteña a comunión de ambas as dúas dimensións. E por iso, historicamente houbo que prestarse a sacrificios deste tipo para fundir corpo e espírito nun mesmo acto definitivo e ao mesmo tempo fundacional dun novo xeito de levar a loita política e que non pode pasar en ningún caso polo divorcio entre ideario e estrutura, entre teoría e praxe, hai agora 30 anos puidemos comprobalo no caso de Salvador Allende.

O galeguismo sen partido, a alma sen corpo, a mística do piñeirismo, terá que construírse sobre o esquecemento de Bóveda, a súa lembranza desautoriza aos que afirman que os galegos son xeneticamente incapaces de desenvolverse coas súas propias forzas. Bóveda deslexitima tamén un Estado construído sobre os cadáveres dos discrepantes, o patriotismo constitucional fillo dos principios do movemento, non pode esgrimirse contra os descendentes de Bóveda recreando o mesmo clima de linchamento do disidente que sufriu o galeguismo republicano, porque a tradición democrática do nacionalisgalego queda selada co seu fusilamento, mentres que se alguén está baixo sospeita de autoritarismo son outras forzas políticas de infausto pasado. Agora, afortunadamente, matar é máis caro gracias a lembrar aos mártires. Hoxe teñen que medirse porque xa non é posible quedar libre de culpa, a memoria activa é quen de impedir que outra volta se volva cometer o crime perfecto.